1º Prim.	Relixión	Religión Católica 1º. Proyecto Nehorah. Editorial SAN PABLO.	978-84-285-4746-8	Castelán
1º Prim.	Inglés	"All about us 1". Activity Book Pack . Editorial OXFORD	978-0-19-456218-8	Inglés
1º Prim.	Música	Caderno Música Celme. Editorial SM	978-84-985-4416-9	Galego
1º Prim.	Matemáticas	Cuaderno 1 Números y Operaciones. Editorial SM	978-84-675-9251-1	Castelán
1º Prim.	Matemáticas	Cuaderno 2 Números y Operaciones. Editorial SM	978-84-675-9252-8	Castelán
	Materia	LIBROS DE TEXTO 2020/2021 2º PRIMARIA	ISBN	Idioma
2º Prim.	Lengua	Lengua Castellana. Editorial SM	978-84-675-7505-7	Castelán
2º Prim.	Lectura	Lecturas para el Aula. 12 SORPRESAS. Editorial SM	978-84-675-7913-0	Castelán
2º Prim.	Matemáticas	Matemáticas. Editorial SM	978-84-675-7507-1	Castelán
2º Prim.	Relixión	Religión Católica 2º. Proyecto Nehorah. Editorial SAN PABLO	978-84-285-4747-5	Castelán
2º Prim.	Inglés	"All about us 2". Activity Book Pack . Editorial OXFORD	978-0-19-456219-5	Inglés
2º Prim.	Música	Caderno Música Celme. Editorial SM	978-84-985-4540-1	Galego

	Materia	LIBROS DE TEXTO 3º DE PRIMARIA 2020/2021	ISBN	Idioma
3º Prim.	Inglés	"All about us 3" OXFORD. Vanessa Reilly/Plácido Bazo/ Marcos Peñate Activity Book Pack	978-0-19-456224-9	Inglés
3º Prim.	Inglés	"All about us 3" OXFORD. Vanessa Reilly/ Plácido Bazo/ Marcos Peñate Class Book	978-0-19-456238-6	Inglés
3º Prim.	Lingua castelá	Lengua pieza a pieza. Ed. Anaya	978-84-698-4164-8	Castelán
3º Prim.	Lingua galega	Lingua peza a peza. Ed. Anaya	978-84-698-6693-1	Galego
3º Prim.	Ciencias da Natureza	Ciencias da Natureza. Más Celme .Ed. SM Xerme	978-84-985-4739-9	Galego
3º Prim.	Matemáticas	Saber hacer contigo. Ed. Santillana	978-84-141-1186-4	Castelán
3º Prim.	Ciencia Sociais	Ciencias Sociais. Más Celme. Ed. SM Xerme	978-84-985-4740-5	Galego
3º Prim.	Relixión	Religión Católica 3º. Proyecto Nehorah. Editorial SAN PABLO	978-84-285-4748-2	Castelán
3º Prim.	Música	Caderno Música Celme. Ed. SM	978-84-985-4418-3	Galego

	Materia	LIBROS DE TEXTO 4º DE PRIMARIA 2020/2021	ISBN	Idioma
4º Prim.	Lingua castelá	Aprender es crecer (En conexión) ANAYA	978-84-698-0650-0	Castelán
4º Prim.	Lingua galega	Aprender é crecer (En conexión) ANAYA	978-84-678-8013-7	Galego
4º Prim.	Matemáticas	Proyecto Saber hacer. Ed. SANTILLANA	978-84-8305-609-7	Castelán
4º Prim.	Ciencias da natureza	Aula Activa Ed. VICENS	978-84-682-2843-3	Galego
4º Prim.	Ciencia Sociais	Aula Activa. Ed. VICENS	978-84-682-2898-3	Galego
4º Prim.	Relixión	Religión Católica 4º Aprender es crecer.. ED.ANAYA	978-84-678-8395-4	Castelán
4º Prim.	Inglés	“Rooftops 4”.OXFORD. Sarah Philips/Paul Shipton 2015 Class Book	978-0-19-450351-8	Inglés
4º Prim.	Inglés	“Rooftops” OXFORD. Sarah Philips/Paul Shipton 2015 Activity Book	978-0-19-450352-5	Inglés
4º Prim.	Valores sociais e cívicos.	Aula Activa. Editorial VICENS	978-84-682-2932-4	Castelán
	Materia	LIBROS DE TEXTO 5º DE PRIMARIA 2020/2021	ISBN	Idioma
5º Prim.	Inglés	“All about us 5. Ed.OXFORD. Vanessa Reilly/Plácido Bazo/Marcos Peñate Activity Book Pack	978-0-19-456226-3	Inglés
	Materia	LIBROS 6º DE PRIMARIA 2020/2021	ISBN	Idioma
6º Prim.	Inglés	“All about us 6”. Ed. OXFORD. Vanessa Reilly/Plácido Bazo/Marcos Peñate Activity Book Pack	978-0-19-456227-0	Inglés

LIBROS DE TEXTO E MATERIAL DIDACTICO USADO EN E-DIXGAL:

Libros dixitais das aulas de 5º e 6º	
6ºA	Producción propia escollendo recursos eventuais de todas as editoriais.
6ºB	
6ºC	
5ºA	Netex
5ºB	
5ºC	
Inglés	Producción propia escollendo recursos eventuais de todas as editoriais.
Relixión Católica	Netex
Relixión Evanxélica	Netex

11. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLO CENTRO

- Constitución do equipo.

Nome Coordinador/a	Horas redución	Nivel/Especialidade
Milagros Gómez Lamela	2	Relixión Católica
Nome equipo apoio/dinamización		Nivel/Especialidade
Beatriz Abalo Nogueira		Orientación
José Francisco Barreiro González		4º EP
Victoria de los Ángeles Centeno Fernández		2º EP
Mª Carmen López González		6º EP

- Concreción anual do programa.

Actividade	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
Exposición froitos outono Exposición cabazas decoradas - Samaín	Outubro	Todos	Todos
Magosto	Novembro	Todos	Todos
Exposición/concurso tarxetas de Nadal Contacontos alumnos/as Panxoliñas (1º e 2º EP) na residencia de maiores de Campolongo	Decembro	Todos	Todos
Día da Paz	Xaneiro	Todos	Todos
Entroido: Exposición de carautas, receitas, debuxos.....	Febreiro	Todos	Todos
Exposición da camelia	Marzo	Todos	Todos
Día do Libro Trotacontos 2º EP	Abril	Todos	Todos
O maio Día da Letras Galegas Xadrez na rúa (4º EP) Actividade de orientación (5º EP) Baloncesto 3X3 (6º EP)	Maio	Todos	Todos

Estas actividades, levaranse a cabo no caso de que as medidas sanitarias tomadas con motivo da pandemia do COVID-19, o permitan.

Durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:

- 20 de novembro de 2020: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2020: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2020: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2020: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2020: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2021: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2021: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 8 de marzo de 2021: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2021: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 8 ao 12 de marzo de 2021: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2021: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 19 e o 23 de abril de 2021: Semana do libro.
- 2 de maio de 2021: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2021: Día de Europa.
- Do 10 ao 14 de maio de 2020: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2021: Día Mundial do Medio Ambiente.

As datas das conmemoracións son lectivas para todos os efectos e nelas o centro, as distintas coordinacións ou os titores organizarán actividades diversas, tendentes a salientar a importancia das conmemoracións mencionadas.

12. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

Adaptaremos o Plan de Autoprotección a existencia dunha nova aula 2ºD e a redistribución das aulas feitas debido a creación desta aula e a adaptación a pandemia do COVID-19.

Este curso soamente faremos o simulacro co profesorado xa que debido a pandemia non é aconsellable facela con todo os alumnado.

13. PLAN DE COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

CONSERXE:

A dependencia e relación laboral do conserxe é exclusivamente co Concello.

A xornada laboral é de 35 horas trinta minutos semanais, cos descansos semanais, licencias, permisos e vacacións que legalmente lle corresponda.

O horario para prestar os seus servizos acomodaranse ó horario que teña establecido o centro.

Funcións:

- Apertura e peche das portas e accesos principais do Colexio, antes do comezo e despois do remate de a actividade escolar.
- Control do apagado do alumado (tanto interior como do patio escolar), no momento de peche do Centro.
- Control do cerrado das ventás, no momento do peche do Centro.
- Aceso e apagado do sistema de calefacción, e purga dos radiadores.
- Recollida e reparto de correspondencia.
- Recollida e reparto de documentos e material escolar entre as diversas dependencias do Colexio.
- Realizar, dentro das instalacións do Centro, os traslados de mobiliario que sexan precisos.
- Adquisición nos establecementos comerciais máis próximos do material necesario para o Colexio.
- Realizar as fotocopias, encadernacións e traballos similares que sexan necesarios para a actividade escolar e mantemento, non técnico, das máquinas.
- Custodia das chaves das diversas dependencias e instalacións do Centro.
- Atención das chamadas telefónicas que reciba o Centro.
- Vixilancia e custodia das instalacións, mobiliario e maquinaria, tanto interiores como exteriores, controlando a entrada no Centro das persoas alleas ó mesmo.
- Realizar pequenas reparacións e/ou reposicións (lámpadas, pechaduras, persianas, cristais, cisternas, desatasco de canos, ...)

- Limpeza do patio exterior de todo tipo de latas, botellas, maleza, polas caídas das árbores, ..., e o seu traslado aos colectores de lixo.
- Rega periódicas de árbores, plantas existentes no Centro.
- Aquelas outras funcións propias da función subalterna que se lle poidan encomendar.

COIDADORAS

O Centro dispón de dúas coidadoras para atender ao alumnado con N.E.E. que o necesiten.

Entre as súas funcións están:

- Atención en limpeza, aseo e coidado persoal.
- Guiar e/ou axudar aos alumnos na realización de actividades dirixidas á adquisición de hábitos, e á adquisición de técnicas de orientación, mobilidade e autocontrol en desprazamentos e habilidades da vida diaria.
- Guiar e/ou axudar aos alumnos a desprazarse e participar activamente en actividades dentro e fora do Centro.
- Colaborar co profesorado na vixilancia dos recreos e nas aulas.
- Axudar ao alumnado na súa integración social no contexto educativo (entradas, saídas, recreos, excursións, comedor, etc.)

EMPRESA DE LIMPEZA:

Correspóndelle a empresa FERROVIAL, contratada polo Concello.

Traballos a realizar:

Diariamente:

- Fregado, limpeza e desinfección dos aseos, tanto dos inodoros e lavabos como do chan e paredes dos mesmos.
- Limpeza do chan das aulas e corredores, así como das oficinas, mediante varrido e fregado.
- Baleirado das papeleiras.
- Traslado aos colectores do lixo dos restos procedentes das tarefas anteriores.

Semanalmente:

- Limpeza mediante varrido e fregado daquelas dependencias que no se limpen a diario.
- Limpeza do po depositado no mobiliario durante a semana.

En períodos de vacacións:

- Limparanse cristais, persianas, se encerará o chan, e outras operacións de limpeza que non se poden facer durante os períodos de clase.

14. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

En relación con outros cursos escolares debemos adaptar os horarios a situación actual co fin de cumprir coas normas do “Plan de Adaptación á situación COVID-19 para o curso 2020/2021”:

O Equipo directivo e a Orientadora atenderá o público todos os días de 09:20 a 09:50 horas.

A oficina do centro estará aberta ao público de luns a venres de 09:20 a 13:30 e os martes pola tarde de 16:30 a 19:30 horas.

Os titores atenderán os pais, nais, titores ou titoras os martes de 18:30 a 19:30 horas, de xeito preferente mediante teléfono ou vídeo-conferencia no caso de facelo de xeito presencial será cumprindo coas normas dos protocolos correspondentes.

No caso de que os pais ou titores legais tiveran problemas para acudir o centro nestes horarios, os titores e o equipo directivo intentará recibilos nouro horario que sexa compatible coas actividades do centro e da familia, sempre cumprindo coas normas do “Plan de Adaptación á situación COVID-19 para o curso 2020/2021”.

Durante o mes de xullo o horario de atención da oficina será de 10:00 a 13:00 horas.

15. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA

Este curso debido a pandemia substituímos as xuntanzas de inicio de curso con todo o equipo docente con reunións realizadas polo titor/a e un membro do equipo directivo.

a) Plan das xuntanzas coas familias:

Calendario das xuntanzas de principio de curso:

CURSO	DÍA	HORA	LUGAR
4º C	07/09/20	09:15 A 10:15 HORAS	Ximnasio
1ºA	07//09/20	09:15 A 10:15 HORAS	Aula Multiusos
1ºB	07//09/20	10:30 A 11:30 HORAS	Ximnasio
1ºC	07//09/20	10:30 A 11:30 HORAS	Aula Multiusos
5ºA	07//09/20	11:45 A 12:45 HORAS	Ximnasio
5ºB	07//09/20	11:45 A 12:45 HORAS	Aula Multiusos
5ºC	07//09/20	13:00 A 14:00 HORAS	Ximnasio
6ºA	07//09/20	13:00 A 14:00 HORAS	Aula Multiusos
2ºA	08//09/20	09:15 A 10:15 HORAS	Ximnasio
2ºB	08//09/20	09:15 A 10:15 HORAS	Aula Multiusos
2ºC	08//09/20	10:30 A 11:30 HORAS	Ximnasio
3ºA	08//09/20	10:30 A 11:30 HORAS	Aula Multiusos
3ºB	08//09/20	11:45 A 12:45 HORAS	Ximnasio
3ºC	08//09/20	11:45 A 12:45 HORAS	Aula Multiusos
4ºA	08//09/20	13:00 A 14:00 HORAS	Ximnasio
4ºB	08//09/20	13:00 A 14:00 HORAS	Aula Multiusos
6ºB	09/09/20	12:00 A 13:00 HORAS	Ximnasio
6ºC	09/09/20	12:00 A 13:00 HORAS	Aula Multiusos

b) Impulsar a participación dos pais nas actividades do centro:

1. Consello Escolar.
2. Comisións do Consello Escolar
3. Participación e colaboración das actividades complementarias: Samaín, Magosto, Entroido, ... (sempre que se podan celebrar)
4. Participación nas actividades de fomento a lectura.
5. Seguir mantendo o bo clima de entendemento e cooperación existente coa ANPA, con reunións trimestrais e apoiando as actividades propostas por ela, dentro das súas competencias.

6. Facer chegar a todas as familias o Plan de Convivencia e todas as actividades do centro a través da paxina Web do centro, AbalarMobil e outros medios.
7. Nas actividades extraescolares organizadas pola ANPA poderán inscribirse, ademais dos alumnos e país ou titores legais do noso centro, os alumnos do EEI Crespo Rivas ou de outro centro sempre por causas xustificadas, como por exemplo que o necesiten en aras dunha mellor conciliación da vida familiar, e sempre coa autorización do Director do centro.
8. Participar os alumnos de 3º e 4º xunto coas súas familias na actividade “A mochila viaxeira da horta escolar” no caso que as condicións sanitarias o permitan.

Plans de acollida:

No mes de maio o xuño (o coordinamos coa EEI Crespo Rivas) os alumnos de 6º de educación infantil visitan o noso centro co fin de ir coñecendo o colexio onde van a estudar durante a educación primaria.

Posteriormente no mes de setembro antes de comezar as clases faremos unha xornada de portas abertas para que as familias acompañadas dos seus fillos/as podan visitar o centro.

No caso da incorporación dun alumno/a durante o curso un membro do equipo directivo mostrará o centro a familia e o novo alumno/a.

Estas actividades realizaranse sempre e cando a situación sanitaria o permita.

Criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares:

En aplicación da disposición adicional terceira do decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia acordamos o seguinte:

Os profesores do centro poderán mandar tarefas extraescolares os alumnos tendo en conta un adecuado encaixe na vida das familias, de xeito que se facilite a participación activa das mesmas na aprendizaxe e a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer do alumnado. Ao tempo fomentárase a responsabilidade dos alumnos e alumnas na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.



PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

Curso 2020/2021

ÍNDICE:

1.- INTRODUCCIÓN

2.- MARCO TEÓRICO-CONCEPTUAL. PRINCIPIOS PSICOPEDAGÓGICOS.

3.- OBXECTIVOS XERAIS

4.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

4.1.- EN RELACIÓN AO ALUMNADO.

4.2.- EN RELACIÓN AO PROFESORADO.

4.3.- EN RELACIÓN ÁS FAMILIAS.

5.- ACTUACIÓNS

5.1.- EN RELACIÓN AO ALUMNADO

5.2.- EN RELACIÓN AO PROFESORADO

5.3.- EN RELACIÓN ÁS FAMILIAS

6.- METODOLOXÍA

7.- AVALIACIÓN

8.- BASE LEXISLATIVA E BIBLIOGRÁFICA

1.- INTRODUCCIÓN:

Este Plan de Acción Titorial enmárcase no Proxecto Educativo, segundo establece o artigo 121 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro para a mellora da calidade educativa.

A acción titorial enténdese como un proceso de axuda e orientación por parte do profesor, para contribuír ao desenvolvemento integral do alumno e que abrangue o conxunto de accións encamiñadas ao coñecemento dos alumnos, as axudas precisas para superar as dificultades no ámbito persoal, familiar e escolar, e a proposta de alternativas que faciliten ao alumno a toma de decisións e o seu desenvolvemento como persoa.

Segundo a Orde 22 de xullo de 1997, que regula determinados aspectos da organización e funcionamento das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria:

- 1- Cada grupo de alumnos terá un titor que será designado polo director por proposta do Xefe de Estudos de acordo co establecido no artigo 80 do Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria.
O mestre titor, ademais de tarefas específicas como docente, responsabilizarase da acción titorial do seu grupo.
- 2- Nos centros nos que o número de mestres sexa igual có de unidades, cada mestre desempeñará a titoría dun grupo de alumnos. Nos centros nos que o número de mestres sexa superior có de unidades, a titoría de cada grupo de alumnos recaerá preferentemente no mestre que teña maior horario semanal co dito grupo.
- 3- A asignación de titorías aos especialistas farase sempre aos que teñen máis horas dispoñibles, procurando – ao mesmo tempo- que imparta o máximo de horas de docencia no grupo do que vai ser titor.
- 4- Co fin de facilitar a relación do profesor titor cos pais, fixarase na programación xeral anual unha hora para a atención aos pais. Programaranse, igualmente, reunións globais cos pais por titorías ou niveis, encamiñadas a expoñer as liñas xerais do plan de traballo.

2.- MARCO TEÓRICO-CONCEPTUAL.. PRINCIPIOS PSICOPEDAGÓXICOS.

A acción titorial considérase intrinsecamente vinculada á docente como conxunto de accións articuladas en torno a esta e que pretenden contribuír á consecución dos grandes fins da educación e por elo aos obxectivos de cada etapa.

O noso plan guíase polos seguintes principios:

- Personalización: edúcase á persoa como tal, para o desenvolvemento da personalidade de cada un.
- Individualización: Edúcase a persoas concretas, con características individuais, que se deben respectar, aproveitar e enriquecer, non a abstraccións ou a colectivos.
- Integración: Edúcase á persoa completa, integrando os diferentes ámbitos de desenvolvemento e as liñas educativas; en contraposición á división educativa ou dos coñecementos.
- Diversificación: Edúcase axustando a ensinanza ás necesidades educativas dos alumnos mediante as oportunas adaptacións curriculares, metodolóxicas e de acceso, adecuando a escola ao alumno, ás súas características, coas súas aptitudes, intereses e motivacións diferenciais.
- Tutoría, orientación e intervención psicopedagóxica integran o currículo, como oferta educativa dirixida a todos os aspectos da aprendizaxe e á maduración da personalidade do alumnado.

3.- OBXECTIVOS XERAIS:

- Impulsar o desenvolvemento psicosocial dos alumnos.
- Favorecer a adaptación escolar.
- Optimizar os procesos de ensino-aprendizaxe.
- Coordinar as actuacións educativas dos equipos docentes.
- Orientar aos pais no seu labor educativo.
- Desenvolver hábitos básicos.
- A vinculación da escola coa familia.

4.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

4.1.- En relación ao alumnado:

- Facilitar o proceso de adaptación do alumnado á nova situación escolar.
- Facilitar a integración do alumnado no seu grupo clase e no conxunto da dinámica escolar.
- Coñecer as características persoais e aspectos da situación familiar do alumnado.
- Crear e desenvolver hábitos básicos de: limpeza, orden, convivencia, participación, responsabilidade e autonomía.
- Favorecer o desenvolvemento da óptima identidade persoal, así como o autoconcepto e a autoestima.
- Contribuír á individualización e personalización dos procesos de ensino aprendizaxe.
- Realizar un seguimento dos procesos de aprendizaxe do alumnado, para detectar as dificultades e necesidades coa finalidade de elaborar respostas educativas adecuadas e recadar se fora necesario, os oportunos asesoramentos e apoios.
- Dar unha resposta educativa axeitada ás dificultades de aprendizaxe existentes.
- Coordinar o proceso de avaliación dos seus alumnos, así como a asesorar e orientar sobre a súa promoción dun nivel a outro.
- Fomentar no grupo de alumnos/as o desenvolvemento de actitudes de participación no centro e no seu contorno social- cultural.
- Preparación e adquisición das aprendizaxes instrumentais básicas, sobre as que se asentarán o resto de aprendizaxes escolares sempre tendo presente os aspectos diferenciais de cada un.
- Progresiva adquisición de hábitos de autonomía, técnicas de autoaprendizaxe e de traballo intelectual.
- Realizar unha avaliación sistemática no proceso de ensino-aprendizaxe, co fin de axustar as programacións ás necesidades educativas do grupo.

4.2.- En relación ao profesorado:

- Coordinar a información acerca do alumnado que teña os diferentes profesores que inciden no grupo, especialmente para aqueles con necesidades específicas de apoio educativo.

- Asesorar no proceso de avaliación e recoller a información dos alumnos e alumnas.
- Posibilitar liñas comúns de actuacións cos titores, no marco do PE e da CC.

4.3.- En relación ás familias:

- Potenciar unha relación fluída entra as familias e o centro.
- Informar e asesorar aos pais acerca da marcha dos seus fillos.
- Implicar aos pais en actividades de apoio no proceso de aprendizaxe.
- Informar, asesorar, e orientar aos pais en todos aqueles aspectos que afecten á educación dos seus fillos.
- Pedir a colaboración dos pais nas actividades complementarias do centro, e a súa participación en actividades organizadas pola comunidade educativa.

4.4.- Organizativos:

- Facer propostas de asignación das titoriais a partires de criterios pedagóxicos e estimular a consolidación dos equipos de titores.
- Planificación do tempo, dentro do horario escolar, para preparar e desenvolver actividades titorías.
- Promover a avaliación continuada do Programa de Acción Titorial do centro.

5.- ACTUACIÓNS:

5.1.- En relación ao alumnado:

- Actividades de acollida para alumnado de 1º. Familiarizalos co centro.
- Reunións globais coas familias no mes de setembro ou outubro.
- Integración do alumnado de novo ingreso ou dos que permanecen un ano máis no mesmo nivel por non promocionar.
- Promover e coordinar actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación responsable do alumnado na vida do centro: dar a coñecer ao principio de curso cales son os nosos dereitos e deberes, normas de réxime interno e disciplina, funcionamento do centro,.. e determinar as normas e procedementos de organización e funcionamento do grupo-clase (normas da aula, xestión de resolución de conflitos,...).

- Avaliación inicial revisando os expedientes do alumnado, analizando a información aportada nos informes dos cursos anteriores e considerando todo aquilo que facilite o coñecemento da súa realidade e dos aspectos que poden incidir no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Seguimento da evolución do grupo e a toma de decisións e actuacións a desenvolver.
- Coordinación dos equipos docentes.
- Modelos de entrevistas con pais e alumnos.
- Modelos de preparación e rexistro das reunións.
- Pautas e modelos de observación do alumnado.
- Observación de maneira progresiva e sistemática, utilizando cuestionarios, rexistros... das diferentes condutas, aprendizaxes dos alumnos, ...
- Planificación e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade, especialmente as contempladas no Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- Favorecer a aceptación das diferenzas individuais.
- Control e informe das incidencias relacionadas coa puntualidade, absentismo escolar, ...
- Cubrir os informes de avaliación e, de darse o caso, do informe persoal por traslado.
- Facilitar a iniciación e adquisición progresiva de hábitos de estudo e sobre todo de técnicas de traballo.
- Desenvolver valores.
- Entrevistas individuais con alumnos e cos pais.
- Participación nas actividades xerais do centro.
- Sesións de preparación para as avaliacións.
- Sesións posteriores as avaliacións.
- Favorecer o razoamento individual de grupo.
- Utilizar técnicas de debate, para desenvolver a sociabilidade.
- Organizar convivencias con outro grupos do centro e con outros centros, intercambios con outras autonomías e países.
- Seguimento do proceso escolar.
- Actualización do expediente do alumnado.
- Orientación ao alumnado de 6º .

5.2.- En relación ao profesorado:

En todo momento o titor/a informará ao equipo de profesores/as do grupo daqueles aspectos que considera relevantes para o desenvolvemento do proceso educativo do alumnado.

O titor, como coordinador do seu grupo de alumnos/as, reunirse co resto do grupo, profesorado para: asuntos de disciplina, conflitos de grupo, baixo rendemento ..., e porá especial interese na toma de decisións conxuntas sobre a atención á diversidade e apoio ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, fundamentalmente para adoptar medidas de atención personalizada, levadas á práctica co asesoramento e en colaboración do departamento de orientación.

Ademais , o titor presidirá as xuntas de avaliacións, evitando reducir estas a un mero ditado de cualificacións, e dirixíndoas preferentemente a tratar os seguintes aspectos:

- Avaliación formativa dos alumnos, segundo as súas capacidades.
- Posta en común e introdución das medidas necesarias, segundo a avaliación formativa e sumativa.
- Coordinación entre o profesorado dos distintos niveis da etapa.

5.3.- En relación aos pais:

Os titores proporcionaranlles información da marcha académica dos seus fillos, do seu rendemento e comportamento, e asesorándoos sobre todo aquilo que afecte a súa educación, orientando a súa implicación nas tarefas de estudio e na promoción da autonomía, autoconcepto e autoestima.

A tal fin dedicarán unha hora semanal á atención dos pais e titores legais dos alumnos.

Estas entrevistas poderán producirse tanto a petición de calquera das dúas partes: familia ou profesores.

5.4.- Cadro resumo das actividades base do PAT.

ACTIVIDADES COS ALUMNOS	ACTIVIDADES COAS FAMILIAS	ACTIVIDADES CO PROFESORADO
<p>1. Asesoramento e orientación individualizado para cada alumno.</p> <p>2. Adaptación do proceso educativo ás súas necesidades.</p> <p>3. Implantación no grupo dos programas descritos no PAT.</p>	<p>1. Asesoramento e orientación individualizado para cada familia que o precise.</p> <p>2. Acollida das novas familias ao centro.</p> <p>3. Información trimestral de coas familias.</p> <p>4. Intercambio de información coas mesmas a través da “Axenda Escolar”. Este curso 2020-21 farase a través de Abalar e telefónica ou virtualmente.</p> <p>5. Posibilidade da creación dunha “Escola de Familia”, como espazo de aprendizaxe.</p>	<p>1. Participación no deseño e revisión do PAT.</p> <p>2. Avaliación e seguimento despois da implantación das propostas do Plan.</p>

6.- METODOLOXÍA:

6.1.- Estratexias de intervención.

Partimos da idea de que o Departamento de Orientación debe enfocarse dende a colaboración, tratando de axudar á comunidade educativa e amosando sempre una boa dispoñibilidade a calquera iniciativa proposta tanto dende as titorías como polo resto de profesores, alumnos ou familias.

Por outra banda, as intervencións en orientación teñen que se desenvolver no marco da concepción educativa e curricular. Dende esta premisa a intervención do departamento forma parte do currículo, entendido este como oferta educativa integral, dirixida a todos os aspectos da aprendizaxe e maduración da personalidade do alumnado.

Tamén temos en conta que as tarefas de orientación do departamento se dirixen fundamentalmente aos alumnos/as, suxeitos activos da súa propia educación.

Poren, o referente básico do alumnado non esixe que a intervención estea sempre centrada no caso individual; ao contrario, a perspectiva da intervención procurará ser global ou sistémica, polo efecto multiplicador que produce.

Intentarase que o tratamento sexa personalizado, promovendo a atención individual ao alumnado que o necesite. Dende a titoría potenciarase o coñecemento do alumnado a través de: revisión de expedientes, asesoramento do departamento de orientación, reunións de equipos docentes, aplicación de cuestionarios.

Ao longo do curso os titores reuniranse, periodicamente, coa orientadora, co obxecto de unificar criterios e pautas de actuación.

7.- AVALIACIÓN:

Na avaliación do PAT participarán todos os axentes implicados: profesorado, familia, departamento de orientación, equipo directivo. Farase ao longo de todo o proceso de cara a que este sexa reorientado se é necesario. Tamén haberá unha avaliación inicial e final.

Os instrumentos que se empregarán serán variados: entrevistas, enquisas, cuestionarios..

Algúns exemplos, son os seguintes:

7.1.- Cuestionarios:

Valora do 1 ao 3, sendo 1: mal, 2: regular e 3: ben, o grao de cumprimento das funcións dos responsables da acción titorial:

Titor	1	2	3
Coordinador de Equipo Docente	1	2	3
Departamento de Orientación	1	2	3
Xefatura do D. O.	1	2	3
Xefatura de Estudos.	1	2	3

Valora o grado de consecución dos obxectivos propostos.

PEDAGÓGICOS	SI	NON	EN PROCESO
Axustar a ensinanza ás características individuais, referida a persoas coas súas aptitudes e intereses diferenciados, proveitalas e enriquecelas, previndo as dificultades de aprendizaxe, anticipándose a elas e evitando o fracaso e a inadaptación escolar.			
Axustar a ensinanza ao formato de aula virtual naqueles momentos que foron requiridos.			
Contribuír ao desenvolvemento da socialización, ensinando a convivir de maneira pacífica e satisfactoria, educando as destrezas e habilidades sociais para a convivencia, anticipándose a condutas problemáticas que puideran xurdir.			
Favorecer os procesos de desenvolvemento das capacidades de pensamento, de aprender a pensar e de aprender a aprender, coa ensinanza de estratexias e procedementos de aprendizaxe, contribuíndo á mellora do desenvolvemento intelectual e conseguintemente á mellora do rendemento escolar e a competencia en situacións sociais.			
Favorecer os procesos de madureza persoal, de desenvolvemento da propia identidade e sistema de valores, e da progresiva toma de decisións a medida que o alumnado vai adoptando opcións na súa vida.			

CO ALUMNADO	SI	NON	EN PROCESO
Facilitar a integración do alumnado no seu grupo-clase e no conxunto da dinámica escolar, fomentando o desenvolvemento de actitudes de cooperación e respecto á diferenza.			
Facilitar o acceso a aula virtual e o intercambio de información a través da mesma. E no caso de 5º e 6º de Educación primaria a través de E-DIXGAL.			
Contribuír á individualización e personalización dos procesos de ensino aprendizaxe.			
Realizar un seguimento global dos procesos de aprendizaxe dos alumnos que permita detectar os atrancos e as necesidades, con obxecto de artellar as respostas educativas axeitadas e recadar, no seu caso, o correspondente asesoramento e apoio.			
Fomentar no grupo o desenvolvemento de actitudes participativas no seu entorno sociocultural e natural.			

CO PROFESORADO	SI	NON	EN PROCESO
Coordinar o axuste das programacións ao grupo de alumnos/as, especialmente para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.			
Asesorar en contidos e formatos Tics para uso nas aulas virtuais e E-DIXGAL.			
Coordinar o proceso avaliador que levan adiante o profesorado do grupo-clase, así como, en xeral, recadar toda a información de que dispoña o profesorado sobre cada alumno.			

COAS FAMILIAS	SI	NON	EN PROCESO
Contribuír ao establecemento de relacións fluídas coas nais e pais coa finalidade de facilitar a conexión entre o Centro e as familias.			
Implicar ás familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e de orientación dos seus fillos/as.			
Asesorar as familias no uso das aulas virtuais e no caso das familias de 9 e 6º de Educación Primaria da plataforma E-DIXGAL.			

ORGANIZATIVOS	SI	NON	EN PROCESO
Facer propostas de asignación das titorías a partires de criterios pedagóxicos e estimular a consolidación dos equipos de titores.			
Planificación do tempo, dentro do horario escolar, para preparar e desenvolver actividades das titorías.			

8.- BASE LEGISLATIVA E BIBLIOGRÁFICA

Para a elaboración deste documento empregáronse os seguintes materiais:

8.1 Lexislación:

PARA REGULAR O PROCESO ORIENTADOR DOS ALUMNOS DE PRIMARIA:

Circular 10/2010 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. nº 79, do 27 de abril de 1998)
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998. (D.O.G. do 31 de xullo)
- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización (D.O.G. do 19 de decembro DE 1996).

PARA DAR RESPUESTA ÁS NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO:

- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais (D.O.G. do 30 de xaneiro de 2003)
- Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual. (D.O.G. do 28 de novembro).
- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (D.O.G. nº 213 do 7 de novembro de 1995)

PARA A ORGANIZACIÓN DO COLEXIO DE PRIMARIA, PARA PROGRAMAR EN FUNCIÓN DO CURRÍCULO E PARA A REALIZACIÓN DO PROCESO DE AVALIACIÓN:

- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG do 21/10/96).
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 02/09/97).
- Decreto 105/2014, de 4 de setembro polo que se establece o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

LEXISLACIÓN MÁIS ESPECÍFICA:

- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e os criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de educación non universitaria con necesidades educativas especiais.

8.2. Bibliografía.

- Pujolás Maset, Peré. "INTRODUCCIÓN A APRENDIZAXE COOPERATIVA" UVIC - 2008
- Álvarez Gonzáles, Manuel: "DISEÑO Y EVALUACIÓN DE PROGRAMAS DE educación EMOCIONAL". CISSPRAXIS, 2001.
- Pujolás Maset, Peré. "INTRODUCCIÓN A APRENDIZAXE COOPERATIVA" UVIC - 2008

16. PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR

No noso centro non temos o servizo de transporte escolar.

17. REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR

O comedor do noso Centro é utilizado polo Plan Madruga e como Comedor Escolar, a súa xestión e por parte da FANPA, polo tanto a súa xestión é externa ao centro, existindo un regulamento de uso aprobado no curso 2010/2011 e que non necesita modificacións neste momento, a el asisten alumnos do noso centro e da EEI Crespo Rivas.

Actualmente o número de usuarios do comedor do noso centro é: 58 alumnos/as, número que varia ao longo do curso normalmente incrementándose chegando o curso pasado aos 146.

O número de usuarios do Plan Madruga do noso centro é: 21 alumnos/as o curso pasado chegaron a usalo 59.

Nunha primeira quenda comen o alumnado da EEI Crespo Rivas e posteriormente o alumnado do nos centro.

18. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

- Protocolo para a solicitude.
- Entidades que as usan.

As partes de uso común do centro son ás seguintes:

Corredor inferior:

Para uso de exposicións e uso común por parte dos alumnos do 1º Ciclo, a coordinación do seu uso será feita polo Coordinador de Actividades Extraescolares.

Aula Multiusos:

Será utilizado para as distintas actividades que necesitan un escenario para a súa realización; cando non sexa utilizada para charlas, teatro, contacontos,

Os días de mal tempo tamén poderá ser usado para as clases de Educación Física que se imparten os alumnos de 1º e 2º de Educación Primaria.

Coordinará o seu uso o Coordinador de Actividades Extraescolares ou a Xefa de Estudos.

Biblioteca:

O seu uso preferente é o de traballo cos alumnos no fomento da lectura, tendo un horario establecido con tal fin.

Coordinará o seu uso a coordinadora da biblioteca.

Horario de uso:

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª	*	1ºB	*	*	4ºA
2ª	*	*	1ºA	*	6ºB
3ª	5ºA	1ºC	6ºA	2ºB	3ºB
RECREO	Atenderán a biblioteca as profesoras: Silvia Ana Ruano Portela e Isabel García Tobío				
4ª	5ºC	5ºB	3ºC	2ºD	6ºC
5ª	2ºC	2ºA	4ºC	3ºA	4ºB

* Solicitar o seu uso a coordinadora.

Aula de Informática:

Cada grupo ten establecido como mínimo unha sesión para seu uso, si calquera profesor quere facer uso fora da súa sesión deberá coordinarse coa titora da aula a quen lle pertencerá dita sesión.

Coordinará o seu uso a Coordinadora Tic.

Horarios de usos:

Aula de informática:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª SESIÓN	1ºB		4ºA	1ºA	2ºA
2ª SESIÓN	2ºD		4ºB		
3ª SESIÓN		2ºB	6ºA		
RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
4ª SESIÓN	4ºC	2ºC	3ºB		3ºC
5ª SESIÓN			3ºA	1ºC	2ºA

Aula de informática de linguas estranxeiras:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª SESIÓN	2ºA	4ºB		4ºC/3ºB	3ºC
2ª SESIÓN	3ºB	2ºC	2ºB	3ºA	4ºA
3ª SESIÓN	2ºB	3ºC	4ºC/2ºD		4ºC/4ºB
RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
4ª SESIÓN	4ºA	3ºB	4ºA/2ºC		3ºA
5ª SESIÓN		3ºA	4ºB	2ºD/2ºA	

Titorías dos distintos Ciclos:

O seu uso é para ás reunións dos profesores de Nivel ou Ciclo.

En caso de ter que aplicar o Protocolo de Condutas Disruptivas o alumno e o profesor que o custodia estará na titoría correspondente ao seu Ciclo.

Ximnasio, patio cuberto e pistas exteriores:

Durante o período lectivo coordinará o seu uso os profesores de Educación Física.

Comedor:

Unha vez rematado o Plan Madruga e ata a hora do seu uso como Comedor Escolar poderá ser usado para distintas actividades como xadrez, pintura, ...

Coordinará o seu uso a Xefatura de Estudos.

Regulación das clases de Relixión ou Atención Educativa:

Os alumnos de relixión usarán a aula dedicada a esta materia.

Ademais as instalacións do noso Centro son usadas pola ANPA, a FANPA o Concello e outras institucións para a realización de actividades organizadas por eles, polo que o seu uso está regulado co fin de evitar que se entorpeza o normal desenrolo das actividades escolares.

Protocolo para a solicitude:

Para a utilización das dependencias do Centro esixírase a presentación previa da correspondente solicitude acompañada dunha copia da póliza de responsabilidade civil e o recibo de estar ao corrente do pago do mesmo debendo comprometerse a facerse cargo dos posibles danos que se ocasionen ás instalacións e/ou mobiliario e a limpeza dos mesmos.

Unha vez presentada a documentación será tramitada conforme indica a lexislación vixente.

O Concello colabora co Centro facendo que os corpos de policía da cidade vixíen o patio e pista do Colexio para evitar desfeitas e pintadas no recinto escolar. Ademais as brigadas de obras fan o mantemento das instalacións.

Solicitudes presentadas:

Instalación: Patios exteriores		
Entidade que a usa	Escola Deportiva Municipal de Triatlón	
Participan membros da comunidade educativa	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input type="checkbox"/> Pais <input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso	Martes e xoves de 16:30 a 17:30 horas	

Instalación: Ximnasio		
Entidade que a usa	Club Ximnasia Rías Baixas	
Participan membros da comunidade educativa	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input type="checkbox"/> Pais <input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso	Martes de 18:30 a 20:30, venres de 17:00 a 20:30 horas e sábado de 10:00 a 13:30 horas	

Instalación: Patios cuberto		
Entidade que a usa	Club Deportivo Freestyle Slalom Vigo	
Participan membros da comunidade educativa	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input type="checkbox"/> Pais <input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso	Luns e mércores de 18:30 a 20:30 horas, martes e xoves de 19:00 a 21:00 horas	

Instalación: Ximnasio		
Entidade que a usa	Club de Taekwondo Hebe	
Participan membros da comunidade educativa	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input type="checkbox"/> Pais <input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso	Luns, martes e xoves de 18:30 a 20:30 horas	

19. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

De todas as actividades propostas e debido a situación de pandemia soamente vaise a realizar dúas delas:

Actividade de skateboard o luns de 16:30 a 17:30 nas pistas deportivas e en caso de mal tempo no patio cuberto.

Actividade de patinaxe en liña os luns e mércores de 17:30 a 18:30 horas no patio cuberto.

No caso que a situación mellore a ANPA ofertará novas actividades.

Nas actividades extraescolares organizadas pola ANPA poderán inscribirse, ademais dos alumnos e país ou titores legais do noso centro, o alumnado da EEI Crespo Rivas ou de outro centro sempre por causas xustificadas, como por exemplo que o necesiten en aras dunha mellor conciliación da vida familiar, e sempre coa autorización do Director do centro.

No caso das actividades que organiza a ANPA San Xosé fora do recinto escolar e as realizadas fora do horario aprobado para as actividades extraescolares (de outubro a maio os luns, martes, mércores e xoves de 16:30 a 18:30) non estarán presentes os profesores do centro.

20. MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN

A materia de libre configuración aprobada no noso centro é: “Reforzo das linguas” e é aplicada desde o curso 2014/2015.

21. PLAN ANUAL DE LECTURA

Actividade	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
Xafi invitará aos alumnos de 1º a coñecer a biblioteca. Estimular o uso da biblioteca ante calquera necesidade informativa.	1º trimestre	1º	Titores
Celebración do Día Internacional das Bibliotecas Escolares	1º trimestre	Todos	Titores
Elaboración de tres quinielas das linguas para os distintos ciclos	1º e 2º trimestres	Todos	Coordinadores
Participar nas actividades ofertadas polas institucións da cidade ou da Xunta relacionadas coa biblioteca	Tódolos trimestres	Todos	Titores
Celebración do Día da Paz e da non violencia	2º trimestre	Todos	Titores
Invitación á autora Fina Casalderrey ó colexio xunto con Néstor Blanco para presentar o seu libro-CD	Segundo a dispoñibilidade dos autores	1º	Titores
Traballamos a poesía co libro-CD “Lingua Guapa”	2º trimestre	Todos	Titores
Celebración do Día das Letras Galegas	3º trimestre	Todos	Titores

22. PLAN DE BIBLIOTECA. CONCRECIÓN ANUAL

Nome Coordinador/a	Horas reducción	Nivel/Especialidade
Silvia Ana Ruano Portela	5	2º,3º e 4º / Inglés
Nome equipo apoio/dinamización		Nivel/Especialidade
Lorena Abreu Sanmartín		1º / titora
María de los Reyes Carballo Carballo		2º / titora
María Isabel García Tobio		4º, 5º e 6º / inglés
María Membrives Miranda		5º / titora
María del Carmen Miragaya de los Reyes		Todos / audición e linguaxe
José Neira Dopazo		1º / titor
María Cecilia Sierra Garrido		4º / titora

Hora	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9.00-9.50		1ºB			4º A
9.50-10.40			1ºA		6º B
10.40-11.30	5º A	1ºC	6º A	2º B	3º B
12.20-13.10	5º C	5º B	3º C	2º D	6º C
13.10-14.00	2º C	2º A	4º C	3º A	4º B

Horarios funcionamento biblioteca	
Horario de apertura con atención do equipo de biblioteca en horario lectivo	Luns, de 9:00 a 9:50 e de 13:10 a 14:00 Martes, de 9:50 a 10:40 Mércores, de 9:00 a 9:50 Xoves, de 12:20 a 13:10 E Tódolos recreos
Horario de apertura en horario non lectivo.	Luns, mércores e xoves, de 16:30 a 18:30
Horario para a coordinación de biblioteca.	Luns, de 9:00 a 9:50 e de 13:10 a 14:00 Martes, de 9:50 a 10:40 Mércores, de 9:00 a 9:50 Xoves, de 12:20 a 13:10

O noso centro leva no PLAMBE desde o ano 2005 e continua no mesmo.

O orzamento é de 3900 €, o centro aporta 2500€ e o PLAMBE 1400 €.

Obxectivo: Fomentar o hábito da lectura			
Acción 1	Commemorar ao autor homenaxeado no 2020 no día das Letras Galegas, Ricardo Carvalho Calero		
	Temporalización		
	1º T X	2º T	3º T
Indicador	Preparar xogos interactivos con actividades para cada ciclo e elaboración dunha quiniela das linguas por parte do alumnado		
Responsables	Coordinadora Biblioteca, coordinador EDLG e titores		
Recursos e materiais	TICs (ordenadores ou tablets) e libros da biblioteca		
Acción 2	Traballar a poesía a través do libro- CD “Lingua Guapa” en cada curso		
	Temporalización		
	1º T	2º T X	3º T X
Indicador	Traballar as letras das cancións do CD (poesía) e facer un traballo de investigación sobre a vida de Fina Casalderrey e as súas obras		
Responsables	Titores		
Recursos e materiais	Un CD para cada curso, libros da biblioteca para investigacións		
Acción 3	Commemorar ao autor/ á autora das Letras Galegas 2021		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T X
Indicador	Realizar actividades de investigación biográfica e bibliográfica e facer outras de carácter máis lúdico		
Responsables	Titores		
Recursos e materiais	Libros do/a autor/a homenaxeado/a, ordenadores		
Acción 4	Homenaxear ó personaxe escollido pola coordinadora galega da UNESCO no día da Paz		
	Temporalización		
	1º T	2º T X	3º T
Indicador	Elección acorde co persoero seleccionado e investigar sobre a súa biografía		
Responsables	Coordinador UNESCO		
Recursos e materiais	Bibliografía do/a autor/a, vídeos, etc.		

23. PAUTAS E CRITERIOS XERAIS SOBRE TAREFAS EXTRAESCOLARES

En aplicación da disposición adicional terceira do decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia acordamos o seguinte:

Os profesores do centro poderán mandar tarefas extraescolares os alumnos tendo en conta un adecuado encaixe na vida das familias, de xeito que se facilite a participación activa das mesmas na aprendizaxe e a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer do alumnado. Ao tempo fomentárase a responsabilidade dos alumnos e alumnas na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.

24. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC. CONCRECIÓN ANUAL. ABALAR/EDIXGAL

- Constitución do equipo.

Nome Coordinador/a	Horas redución	Nivel/Especialidade
Luisa Taboada Rivadulla	2	Ed. Musical
Nome equipo apoio/dinamización		Nivel/Especialidade
Sergio Otero García		Titor 5º de primaria
Mª Isabel García Tobío		Inglés
Antonio Luis Domínguez Lama		Ed. Física

- Cursos e número de alumnado participante

Curso	Nº grupos	Nº alumnos	Nº materias	Nº Profesores participantes	Faise uso do espazo Abalar pola familias
5º EP	3	75	Todas	8	SI
6º EP	3	76	Todas	8	SI

- Uso aula virtual Moodle, período de confinamento total ou parcial de alumnos/as.

Curso	Nº grupos	Nº alumnos	Nº materias	Nº Profesores participantes
1º EP	3	72	Todas	7
2º EP	4	76	Todas	8
3º EP	3	73	Todas	7
4º EP	3	71	Todas	8

- Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

Obxectivo: Promover para o profesorado a varios proxectos de formación de centro relacionados coa aula virtual e Edixgal.			
Acción 1	Motivar ó profesorado á participación en un proxecto de formación.		
	Temporalización		
	1º T X	2º T	3º T
Indicador	Nº de profesores que participaron o longo do curso		
Responsables	Coordinadora Tic do centro		
Recursos e materiais	Aula de informática do Centro		
Acción 2	Aplicar o traballado no proxecto de formación de centro.		
	Temporalización		
	,1º T X	2º T X	3º T X
Indicador	Posta en marcha da aula virtual e Edixgal.		
Responsables	Coordinadora Tic		
Recursos e materiais	Aula de informática, aulas Edixgal.		

25. PLAN DE FOMENTO DE HÁBITOS DE ESTILO DE VIDA SAUDABLE

Debido a situación actual o máis importante é a aplicación do “Plan de Adaptación á situación COVID 19 no Curso 2020-2021” incidindo nas aulas sobre a necesidade de cumprir todo o indicado nese Plan e a ter unha alimentación adecuada e realización de exercicio físico.

Actividade	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
Plan de Adaptación á situación COVID 19	Todo o curso	Todos	Todo o persoal do centro

26. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

26.1. RESULTADOS DA ENQUISA SOBRE A LINGUA PREDOMINANTE EN EDUCACIÓN INFANTIL

No noso centro non se imparte a etapa de educación infantil, o alumnado de 1º comeza co castelán como lingua dominante e mantense así todo o ensino de primaria.

26.2. CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA

Nome Coordinador/a	Horas redución	Nivel/Especialidade
Antonio Ferrer Moreira	2	Educación física
Nome equipo apoio/dinamización		Nivel/Especialidade
María Pintos González		Titora 2º de primaria
Eva Fernanda Piñeiro Rosales		Titora 1º e Inglés
Fernando Gallego Mandado		Titor 3º de primaria
María Esther Míguez Barreiro		Titora 3º de primaria
María Teresa Martínez Souto		Titora 3º de primaria
Olga Martínez Moldes		Titora 5º de primaria
María Gloria Martínez Mariño		Titora 6º de primaria
Sira Santiago Álvarez		Titora 6º de primaria

26.3. VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA REALIZADOS NO CURSO ANTERIOR E PROPOSTAS DE MELLORA PARA O CURSO SEGUINTE

No curso anterior (2019-20) os traballos máis significativos foron os **“Experimentos científicos”**, no cal investimos dous trimestres (1º e 2º) e que tivo, en xeral, moi boa aceptación, sobre todo nos cursos superiores, 4º, 5º e 6º. Tratábase de gravar en vídeo **un experimento caseiro explicando todo o seu proceso**. No 3º trimestre, xa no confinamento, tivo tamén moi boa acollida o traballo **“Cadros Vivos”**, onde se tiña que escoller un cadro, representalo e gravalo tamén en vídeo falando dos aspectos máis importantes. Todos estes traballos pódense ver no blog de dinamización nas etiquetas **“Experimentos”**: <https://ghafos.blogspot.com/search/label/Experimentos>, e **“Cadros Vivos”**: <https://ghafos.blogspot.com/search/label/Cadros%20Vivos>.

Propostas de mellora

Nun centro onde a maioría do profesorado mantén como lingua vehicular o castelán é difícil acadar melloras no alumnado no apartado da oralidade con respecto ó galego. O alumnado tanto na escola como na rúa queda ermo de referentes e **seguirá absorbendo a diglosia** ó estudar as dúas linguas. Para moitos a escola é o único sitio onde escoita e aprende ó galego e ben sabemos que si non se fala deixará de ser lingua viva, como moito será practicamente unha lingua estranxeira ou morta, mais nunca a lingua materna que nos define.

Aparte deste vital aspecto comentado, o equipo segue propoñendo os obxectivos a través de dous eixes, un deles vertical dirixido aos distintos niveis educativos, desde 1º de EP a 6º, e o outro, horizontal, a través da coordinación con outros equipos docentes. Entre eles destacamos:

- Aumento do vocabulario en Lingua Galega.
- Mellora nas correccións das construcións gramaticais empregadas.
- Mellora da autoestima, destacando o gusto por empregar a Lingua Galega non só nas actividades regradas, senón tamén nos momentos de lecer, tanto no alumnado como no profesorado.

Estes obxectivos enmárcanse na liña establecida no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, no que se contempla a necesidade de reforzar a dimensión comunicativa do galego entre o alumnado, proporcionándolle unha oferta de actividades que promovan a utilidade do galego, ao tempo que os capacite para o seu uso correcto e eficaz.

Outros ámbitos de intervención que cómpre estimular no alumnado dos diferentes niveis educativos son tanto a comprensión como a expresión oral e escrita en Lingua Galega, asesorando ao profesorado sobre libros de temática variada que poden complementar as lecturas xa recollidas no propio libro, así como que tipo de actividades serían máis adecuadas. Neste tamén cómpre reforzar a expresión oral a través de adiviñas, refráns, trabalinguas, ou mesmo, poemas sinxelos.

26.4. ACTIVIDADES QUE SE VAN A DESENVOLVER AO LONGO DO CURSO PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Obxectivo: Fomento do uso da lingua galega			
Acción 1	Actividade de "Xoguetoloxía". Organizada polo concello de Pontevedra		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Mellora no uso do galego do alumnado		
Responsables	Equipo dinamización lingüística		
Recursos e materiais	Ximnasio		
Acción 2	Actividade de "Micoloxía". Organizada polo concello de Pontevedra		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Mellora no uso do galego do alumnado		
Responsables	Equipo dinamización lingüística e titores.		
Recursos e materiais	Aula multiusos e saída aos arredores do centro.		
Acción 3	Participar e colaborar coas actividades relacionadas co celebracións no colexio no 1º trimestre: Magosto, Samaín e Nadal.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Mellora no uso do galego do alumnado		
Responsables	Todo o profesorado do centro e a ANPA San Xosé		
Recursos e materiais	Instalacións do centro e distinto material.		
Acción 4	Concurso "Olla a palabra do día"		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Mellora no uso do galego do alumnado		
Responsables	Equipo dinamización lingüística e titores.		
Recursos e materiais	Material funxible diverso.		
Acción 5	Quiniela das linguas sobre "froidos". Alumnado do 1º Ciclo		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Mellora no uso do galego do alumnado		
Responsables	Equipo de dinamización lingüística e titores do 1º ciclo.		
Recursos e materiais	Material funxible diverso.		

Obxectivo: Fomento do uso da lingua galega			
Acción 6	Quiniela das linguas sobre “plantas”. Alumnado do 2º Ciclo		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Mellora no uso do galego do alumnado		
Responsables	Equipo de dinamización lingüística e titores do 2º ciclo.		
Recursos e materiais	Material funxible diverso.		
Acción 7	Quiniela das linguas sobre “árbores”. Alumnado do 3º Ciclo		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Mellora no uso do galego do alumnado		
Responsables	Equipo de dinamización lingüística e titores do 3º ciclo.		
Recursos e materiais	Material funxible diverso.		
Acción 8	O Entroido		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Mellora no uso do galego do alumnado		
Responsables	Todo o profesorado do centro e a ANPA San Xosé		
Recursos e materiais	Instalacións do centro e distinto material.		
Acción 9	Cantamos en galego		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Mellora no uso do galego do alumnado		
Responsables	Equipo de dinamización lingüística		
Recursos e materiais	Cancións en galego populares e modernas.		
Acción 10	Recitamos en yogote poemas ou frases relacionadas co DENEP		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Mellora no uso do galego do alumnado		
Responsables	Equipo de dinamización lingüística		
Recursos e materiais	Material funxible diverso.		
Acción 11	Traballar dobre o persoeiro/a homenaxeado nas Letras Galegas 2021		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Mellora no uso do galego do alumnado		
Responsables	Todo o profesorado do centro		
Recursos e materiais	Material funxible diverso.		

Nas quinielas, traballaranse os refráns, adiviñas, contos, lendas Logo buscarase tamén o nome en diferentes linguas, entre elas, o portugués, para facer un **achegamento a esa lingua irmá** que temos cerca de nós e que tanto estudou o homenaxeado das Letras Galegas deste ano, Ricardo Carvalho Calero. Finalmente escolleranse algúns dos traballos feitos para elaborar xogos educativos dixitais com edilim, brincaletras, audios, vídeos

26.5. MODIFICACIÓNS NO XEITO DE IMPARTIR AS MATERIAS EN LINGUA(S) ESTRANXEIRA(S), INFORMACIÓN SOBRE OS CAMBIOS APROBADOS POLO CENTRO E AUTORIZADOS POLA CONSELLERÍA COMPETENTE EN MATERIA DE EDUCACIÓN

Neste curso non houbo ningunha modificación no xeito de impartir as materias en linguas estranxeiras.

27. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. CONCRECIÓN ANUAL

27.1. CONSTITUCIÓN DO DO

Nome Orientadora	
Beatriz Abalo Nogueira	Orientadora
Nome dos membros do equipo	Especialidade
María del Carmen Miragaya de los Reyes	Audición e linguaxe
María Vanesa Diz Vázquez (compartida coa EEI Crespo Rivas)	Audición e linguaxe
Purificación Rodríguez Lorenzo	Pedagogía terapéutica
María del Mar García Rodríguez	Pedagogía terapéutica
Olalla Beloso Chaves	Pedagogía terapéutica
Iria Rodríguez Fondevila (profesora da iniciativa ARCO)	Pedagogía terapéutica

27.2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES CON RELACIÓN AO TIPO DE ALUMNADO E Á OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO.

Entendemos a atención a diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características, necesidades, ritmos y estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Nun sentido amplo, esta atención intenta previr e dar resposta ás necesidades temporais e permanentes de todo o alumnado do centro, e entre eles aos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria.

Neste curso 2020-2021 procedemos a concretar as actuacións e medidas en función da identificación e valoración das necesidades:

1. Do **alumnado**, tanto das individuais como das grupais (aprendizaxe de técnicas de traballo intelectual, transición harmónica entre primaria e secundaria, mellora do clima das aulas.); das ordinarias como das extraordinarias (reforzo educativo, agrupamento flexible, mellorar a resposta educativa ao alumnado que presenta altas capacidades...)
2. Do **profesorado**, dinamización da función tutorial, impulsar as reunións dos titores cos respectivos equipos docentes e dos titores coa xefatura de estudos e o

departamento de orientación e actualización da formación en temáticas relacionadas coa igualdade e non discriminación.

3. Das **familias**, informar e impulsar a colaboración no desenvolvemento das medidas de atención á diversidade, fomentando a súa participación no CEP Campolongo.
4. Do **departamento de orientación**, mellorar o aproveitamento dos recursos tecnolóxicos especialmente nas actuacións relacionadas coa atención á diversidade, e impulsar a coordinación do profesorado de apoio co profesorado dos distintos departamentos didácticos. E crear un na aula virtual onde expor contidos significativos para as familias, alumnado e profesorado.

Para que o Departamento de Orientación poida dar resposta ás necesidades específicas de apoio educativo debe seguirse o seguinte proceso de detección:

- O profesorado e o titor/a, no desenvolvemento das diversas accións que implica a avaliación continua, detecta necesidades educativas (retraso, alteracións, dificultades, problemas ...) nalgún/s ámbito/s de desenvolvemento nun alumno determinado.
 - Recompilar información: observación, informes, avaliación inicial, traballos ...
 - Intercambia información coa familia.
 - Tenta dar resposta ás necesidades que existen no centro con medidas ordinarias de forma normalizada.
 - Se o consegue, pecha o ciclo de detección.
 - Se non o consegue, demanda colaboración ao Departamento de Orientación (a través dun modelo de solicitude de intervención do D.O), no caso de que este precise asesoramento para realizar esta avaliación psicopedagóxica solicita a intervención do E.O.E. (Equipo de Orientación Específico de Pontevedra), quen valora o caso (concretado nun Informe Psicopedagóxico –resumo da avaliación psicopedagóxica realizada- cando se dan as condicións establecidas na *Orde do 31 de Outubro de 1996*), e determina as medidas educativas a adoptar en función de que o alumno/a corresponda a un apartado ou a outro. As familias estarán informadas das medidas dispostas.

- A detección de necesidades tamén poden ser realizadas pola familia, quen informa das necesidades detectadas no ámbito familiar e se aplicaríase entón o mesmo procedemento anterior dende a titoría ou dende o propio Departamento de Orientación.
- Se as necesidades detectadas precisan Adaptacións Curriculares Significativas (ACS), elaborárase un D.I.A.C onde se recollan as modificacións e o tipo de atención.

Planificación do proceso de diagnose e posterior intervención:

- Despois dunha avaliación das necesidades o Orientador/a determinará e fará una proposta dos apoios que deberá recibir o devandito alumno, ben de PT, AL ou ben por parte del mesmo atendendo se as necesidades son de orixe cognitivo ou outras que se determinaron no apartado anterior (PT), comunicativo-lingüísticas (AL) ou emocionais (Orientadora).
- As intervencións específicas que sexan precisas por parte dos profesores especialistas de pedagogía terapéutica ou de audición e linguaxe serán propostas e deseñadas polo departamento de orientación en colaboración co titor do grupo ó que pertence o alumno/a. A coordinación desas actuacións, xunto coas do resto do profesorado corresponde á xefatura de estudos do centro (tal e como establece no seu artigo 19º a Orde do 27 de Decembro do 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado do ensino non universitario con n.e.e).
- Unha vez detectadas as dificultades e proposto o neno/a para o apoio correspondente, tal e como se establece no punto anterior, determinarase e concretarase o plan de traballo, fundamentalmente dende a coordinación dos mestres implicados no apoio, elevando do mesmo xeito ás ditas propostas á Xefatura de Estudos.
- Informarase sempre ás familias da proposta de intervención deseñada e manterase reunión para informarlles da evolución do neno así como para o establecemento de pautas de actuación conxuntas.
- Trimestralmente os especialistas de PT e AL así como o Departamento de Orientación realizarán o informe no que reflectan os obxectivos conseguidos e os que será necesario seguir traballando.

Alumnado do departamento de orientación para o curso 2020-2021:
<ul style="list-style-type: none"> • 1º de Educación primaria: 2 alumnas y 14 alumnos
<ul style="list-style-type: none"> • 2º de Educación primaria: 5 alumnas y 11 alumnos
<ul style="list-style-type: none"> • 3º de Educación Primaria: 4 alumnas y 9 alumnos
<ul style="list-style-type: none"> • 4º de Educación Primaria: 4 alumnas y 11 alumnos
<ul style="list-style-type: none"> • 5º de Educación Primaria: 4 alumnas y 5 alumnos
<ul style="list-style-type: none"> • 6º de Educación Primaria: 3 alumnas y 7 alumnos

27.3. PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO

MEDIDAS ORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

MEDIDA	DESTINATARIOS	RESPONSABLES
Preparación transición de Primaria a ESO	Alumnado de 6º EP dos centros adscritos e familias	Xefatura do departamento de orientación de ámbolos centros coa colaboración dos equipos directivos
Protocolo de actuación nos casos de absentismo escolar	Alumnado sancionado por falta grave de asistencia	Xefatura de estudos/xefatura do departamento de orientación
Aulas de atención educativa e de convivencia	Alumnado que incorra de forma reiterada en condutas disruptivas	Xefatura de estudos e departamento de orientación
Plan de acollida	Alumnado de procedencia estranxeira ou nova incorporación no centro	Xefatura de estudos e departamento de orientación
Adecuación da estrutura organizativa do centro ás características do alumnado	Todo o alumnado	Equipo directivo co asesoramento da CCP Aplicación: xefatura de estudos
Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado	Normas de xestión e organización da aula	Titor e profesorado do grupo

Adecuación das programacións	Adaptar as programacións didácticas e as programacións de aula ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe	Titores e especialistas de área
Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación	De forma prioritaria ao alumnado do centro que presenta TDAH, déficits sensoriais e aquel outro que por circunstancias diversas o aconsellen así os servizos de orientación	O profesorado de materia coa colaboración do departamento de orientación
Programas de reforzo e recuperación das materias avaliadas negativamente	Alumnado repetidor ou que promocióne sen ter superadas todas as materias	Profesorado da materia suspensa
Programas de enriquecemento curricular	Alumnado que presente necesidade específica de apoio educativo asociada a altas capacidades para que amplíe ou profundice e investigue.	Profesorado da materia co asesoramento do departamento de orientación e se é o caso, coa colaboración do equipo de orientación específico
Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo, tutoría entre iguais e outras que promovan a inclusión	Para favorecer a atención individualizada ao alumnado, a aplicación de estratexias cooperativas, tutoría entre iguais e aprendizaxe por proxectos	Titor e profesorado do grupo co asesoramento do departamento de orientación
Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas	Agrupamentos de alumnado que requira reforzo nas áreas instrumentais para asegurar a adquisición das competencias nas materias de lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura e matemáticas.	Xefatura de estudos coa colaboración do departamento de orientación e o profesorado con dispoñibilidade horaria.
Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria	Destinada a apoiar a un alumno ou subgrupo con dificultades dentro da aula.	Equipo directivo. Profesorado con dispoñibilidade horaria
Reforzo educativo dentro da aula ordinaria	Alumnado que presente dificultades de aprendizaxe	Profesorado que imparte a materia

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

MEDIDA	DESTINATARIOS	RESPONSABLES
Apoio PT fóra e dentro da aula	Fóra: Alumnado con necesidade específica de apoio educativo que teña formalizadas medidas de adaptación curricular significativa ou que presente un desfase curricular moi significativo por incorporación tardía. Dentro: Alumnado con necesidade específica de apoio educativo ao que o seu nivel de competencia curricular lle permita seguir as clases.	Xefatura do departamento de orientación. Especialistas en pedagogía terapéutica
Flexibilización do período de escolarización	Alumnado con necesidade específica de apoio educativo e que así o aconselle o informe psicopedagóxico.	Xefatura do departamento de orientación e acordo dos implicados e das súas familias
Atención educativa hospitalaria/ domiciliaria	O alumnado que, cursando ensinanzas de réxime xeral na modalidade presencial, por prescrición facultativa se considere que non poderá asistir ao seu centro por un período superior a un mes	Persoa Titora e D.O.
Agrupamentos flexibles	Alumnado con necesidade específica de apoio educativo con informe, alumnado repetidor ou alumnado que promocionando con pendentos que se imparten no agrupamento	Xefatura do departamento de orientación, titores, familia
Adaptacións curriculares significativas	Dirixida ao alumnado que non pode seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe por razóns educativas, sociais, culturais, por déficit ou cualidades excepcionais e necesitan modificacións importantes no currículo en relación ao grupo no que está	Xefatura do departamento de orientación, xefe de estudos, titor, inspección educativa.

27.4. CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO DO DOCUMENTO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E CALENDARIO DE REUNIÓN MENSUAIS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO

CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA:

Datas	Tarefas	Responsables	Recursos
1ª-2ª semana de setembro	Análise do alumnado NEAE para o curso 2020-2021	XD orientación Titores	Informes de anos anteriores e de centros adscritos así como de centros de procedencia de novo alumnado
2ª semana de setembro	Valoración das necesidades iniciais	Xefatura de estudos me XD orientación.	Informes obtidos nas reunións
2ª semana de setembro	Elaboración dos horarios das especialistas PT/AL e do persoal ATE do centro.	Xefatura de estudos XD orientación	Recursos dos departamentos e horarios dos titores/especialistas.
2ª-3ª semana de setembro	Asistencia ás sesión de avaliación inicial	XD orientación e profesorado especialista: PT/AL	Recursos do departamento
3ª-4ª semana de setembro	Elaboración dos informes becas NEAE	XD orientación	Datos e informes obtidos Recursos de Departamento de Orientación.
3ª -4ª semana de setembro	Realización da concreción anual do PAD	XD Orientación	Datos dos alumnos Datos aportados polos titores/centro
4ª semana de setembro	Realización da concreción anual do PAT	XD Orientación Titores	Datos dos alumnos Datos aportados polos titores/centro
Mes de outubro	Reunións de coordinación pedagóxica	Xefatura de estudos (planifica e coordina) XD orientación (asesora e apoia) Titores (dirixen as reunións)	Datos do alumnado Datos aportados polos coordinadores de niveis/ titores e especialistas.
Mes de outubro	Revisión e actualización das ACS	XD Orientación, PT e AL Titores	Recursos aportados polos titores e os especialistas e D.O
Mes de outubro	Cubrir o DRD-dadi	XD de orientación e dirección	Datos de D.O
Mes de novembro	Elaboración de programas e actuacións xurdidas das reunións de coordinación	XD Orientación	Recursos do departamento

Datas	Tarefas	Responsables	Recursos
Mes de novembro	Seguimento e avaliación do proceso de AD ata ese momento.	XD orientación e mestres titores e especialistas	Enquisa de valoración
Decembro	Participación nas sesións da 1ª avaliación	XD Orientación e profesorado especialista: PT e AL	Informes obtidos na avaliación inicial
Decembro	Derivación de posibles novas necesidades	XD Orientación e titores e especialistas.	Informes obtidos das sesións de avaliación.
Xaneiro	Elaboración de programas e actuacións xurdidas das reunións da 1ª avaliación e revisión das que xa están en marcha	XD Orientación	Informes obtidos na 1ª Avaliación e na avaliación inicial.
Xaneiro	Planificación e elaboración dos planes específicos de apoio e recuperación de materias pendentes	Titores e especialistas co asesoramento do D.O.	Informes da avaliación do primeiro trimestre.
Febreiro	Seguimento dos plans	XD Orientación/ especialistas/ titores	Escalas de valoración
Abril	Aportar materiais para dar resposta as distintas necesidades dos alumnos/as	XD de orientación/ PT/AL.	Recursos do D.O.
Marzo	Participación nas sesións da 2ª avaliación.	XD Orientación e profesorado especialista: PT e AL	Informes obtidos ao longo do trimestre
Maio	Participación nas avaliacións individualizadas externas de 3º de Educación primaria e 6º de Educación Primaria se é o casos.	XD Orientación	Datos aportados pola consellería.
Maio	Reunión de coordinación co IES	XD Orientación	Recursos do departamento
Xuño	Participación nas sesións da avaliación final	XD Orientación e profesorado especialista: PT e AL	Informes obtidos ao longo do curso
Xuño	Preparación de informes de alumnado con NEAE que abandona o centro	XD Orientación e profesorado especialista: PT e AL	Informes obtidos ao longo do curso
1ª semana de xullo	Elaboración da memoria do departamento	XD Orientación	Información recollida ao longo do curso
Xullo	Elaboración de listaxe de alumnos propostos para medidas de atención de	XD Orientación e profesorado especialista: PT e AL	Informes obtidos ao longo do curso

Datas	Tarefas	Responsables	Recursos
	Atención á diversidade para o vindeiro curso		
Todo o curso	Atender ás demandas do profesorado e do alumnado	Calquera membro do departamento segundo demandas	Recursos do departamento
Todo o curso	Asesoramento e apoio na CCP aos diferentes departamentos na programación e desenvolvemento de tarefas	XD Orientación e PT	Recursos do departamento
Todo o curso	Colaborar na planificación, desenvolvemento, seguimento e avaliación dos plans e programas levados a cabo no centro	XD orientación en colaboración cos outros membros da comunidade educativa implicados	Recursos do departamento

Calendario de reunións mensuais:

Primeiro trimestre		
Mes	Día	Hora
Setembro	22	16:30
Outubro	20	16:30
Novembro	23	16:30
Decembro	15	16:30
Segundo trimestre		
Xaneiro	19	16:30
Febreiro	23	16:30
Marzo	17	16:30
Terceiro trimestre		
Abril	20	16:30
Maio	25	16:30
Xuño	15	16:30

27.5. PROFESORADO RESPONSABLE DO ALUMNADO CON NEAE E HORAS DE COORDINACIÓN ENTRE O PROFESORADO TITOR E PT/AL

O noso centro conta con:

- Catro especialistas en Pedagogía terapéutica; dúas de elas definitivas no centro, unha provisional ao estar a titular en comisión de servizos en outro centro e una provisional pertencente a iniciativa ARCO.
- Dúas especialistas en audición e linguaxe; unha de elas con carácter definitivo a tempo completo (aínda que asume a secretaría do centro) e outra provisional e compartida coa EEI Crespo Rivas.

A coordinación das especialistas cos titores realízase os martes pola tarde de 16:30 a 17:30.

27.6. LISTAXE DE ALUMNADO CON NEAE ATENDIDO POR PT, AL, ATE.

Achegase en un documento independente.

28. PLURILINGÜISMO

Non somos un centro plurilingüe.

28.1. PROFESORADO RESPONSABLE

Nome Coordinador/a	Horas redución
Nome profesores AICLE/CLIL	Nivel/Especialidade

28.2. SECCIÓN S BILINGÜES/PLURINFANTIL

Curso	Nº grupos	Nº alumnado total	Nº alumnado nova incorporación	Teñen autorización por escrito dos pais Sí <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	Materias	Lingua na que se imparte

28.3. CENTROS PLURILINGÜES

Curso	Nº grupos	Nº alumnado total	Materias	Lingua na que se imparte

28.4. MECANISMOS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA PLURILINGÜE OU SECCIÓN S BILINGÜES

28.5. MECANISMOS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO AUXILIAR DE CONVERSA

Nome Auxiliar de conversa	Horas lectivas semanais
Nome do centro co que comparte (en caso de existir)	
Tarefas	
Asiste aos/ás docentes CLIL como apoio lingüístico na aula	Sí <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
Apoia aos/ás docentes CLIL na planificación das clases e na elaboración de materiais didácticos	Sí <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
Asiste aos/ás docentes de lingua estranxeira como apoio lingüístico na aula	Sí <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
Outras tarefas (especificar):	Sí <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>

29. PLAN DE CONVIVENCIA. CONCRECIÓN ANUAL

- Constitución do equipo:

Nome Coordinador/a	Nivel/Especialidade
Beatriz Abalo Nogueira	Orientadora
Nome equipo dinamización de convivencia	Nivel/Especialidade
José Manuel Sánchez Moure	Director
Victoria de los Ángeles Centeno Fernández	2º/ titora, xefa de estudos
Cecilia Sierra Garrido	4º/ titora
María del Carmen Miragaya de los Reyes	Audición e linguaxe
Silvia Ana Ruano Portela	Inglés
María Esther Míguez Barreiro	3º/ titora
Ignacio Diz Gómez	Representante das familias no consello escolar
Montserrat de la Vega Castiñeiras	Representante do persoal non docente no CE

- Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

Obxectivo: Favorecer a integración dos novos alumnos/as no nos centro			
Acción 1	Presentación do noso centro aos futuros alumnos/as		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Que o alumnado novo chegue máis tranquilo o primeiro día de clases		
Responsables	Equipo directivo e orientadora		
Recursos e materiais	Presentación do centro aos alumnos do último curso de educación infantil no mes de maio ou xuño. Visita concerta para as familias que o soliciten para coñecer o colexio no que matriculan aos seus fillos/as.		
Acción 2	Xornada de portas abertas para as familias do alumnado novo		
	Temporalización		
	Setembro do ano 2021		
Indicador	Que o alumnado novo chegue máis tranquilo o primeiro día de clases		
Responsables	Equipo directivo e a orientadora		
Recursos e materiais	Xornada de portas abertas para que as familias acompañadas dos seus fillos/as visiten o noso centro.		

Obxectivo: Favorecer a integración dos alumnos e alumnas de 6º no IES cara ao curso seguinte			
Acción 1	Visita ao IES Sánchez Cantón do noso alumnado		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Mellorar o inicio da nova etapa educativa do noso alumnado		
Responsables	Equipo directivo e orientadora		
Recursos e materiais	Visita guiada ao IES Sánchez Cantón para presentarles o instituto aos nosos alumnos e alumnas.		

Obxectivo: Favorecer a integración do profesorado novo no noso centro			
Acción 1	Visitas guiadas os primeiros días, reunións explicando as normas, informe coas normas do centro.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Que o profesorado de nova incorporación se atope cómodo no noso centro		
Responsables	Equipo directivo		
Recursos e materiais	Entrega de instrucións escritas aos profesorado de nova incorporación, xuntanzas explicativas e de posta en común de dúbidas sobre o funcionamento do centro.		

Obxectivo: Mellorar a convivencia no centro			
Acción 1	Sesións de concienciación sobre o respecto e a tolerancia		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Mellora nas relacións entre o alumnado		
Responsables	Todo o persoal do centro, coordinados polo equipo directivo e a orientadora		
Recursos e materiais	Charlas nas aulas, uso de curtos animados sobre a tolerancia, empatía, ...		
Acción 2	Supresión de xogos que impliquen a discriminación ou violencia entre o alumnado		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Mellora nas relacións entre o alumnado		
Responsables	Todo o persoal do centro, coordinados polo equipo directivo e a orientadora		
Recursos e materiais	Vixilancia nos recreos para evitar o seu uso, proposta de outros xogos alternativos		

Obxectivo: Favorecer a integración do alumnado con NEE ou discapacidades no noso colexio			
Acción 1	Actividades conxuntas co colexio Juan XXIII, a asociación AMENCER e a Residencia de Maiores de Campolongo		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	A mellora na aceptación dos alumnos/as con NEE ou discapacidade no noso centro.		
Responsables	Equipo directivo, orientadora e todo o persoal do colexio		
Recursos e materiais	Participación conxunta en actividades (se o permite a COVID 19) como Samaín, Magosto, nadal, Exposición das Camelias, Día das Letras Galegas, ...		

Obxectivo: Mellora da seguridade en internet			
Acción 1	Sesións da coordinadora tic explicando as medidas de seguridade que debemos ter ao utilizar internet		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Mellora no uso dos quipos informáticos		
Responsables	Equipo Tic		
Recursos e materiais	Charlas nas aulas, aulas de informática, vídeos e presentacións dixitais.		

30. PLAN DE IGUALDADE. CONCRECIÓN ANUAL

- Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

Obxectivo: Traballar a igualdade entre homes e mulleres			
Acción 1	Actividade: "Bravas do Mar"		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Que o alumnado coñeza o traballo que desenvolven as mulleres no mar e que o valoren.		
Responsables	Titores de 5º, director e coordinadora de actividades extraescolares		
Recursos e materiais	Material enviado pola organización OPROMAR, equipos informáticos ,...		
Acción 2	Actividade: "Somos iguais"		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Mellora no respecto dos alumnos as alumnas		
Responsables	Titores de 5º, orientadora do centro		
Recursos e materiais	Dous obradoiros impartidos por persoal externo ao centro para traballar de xeito práctico co alumnado sobre a igualdade.		
Acción 3	Actividade: "Somos iguais"		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Que o alumnado sexa consciente que todos e todas podemos desempeñar calquera traballo.		
Responsables	Titores de 2º, orientadora do centro.		
Recursos e materiais	Unha función de monicreques por aula feito por persoal externo ao centro para fomentar a igualdade entre sexos.		
Acción 4	Actividade: Traballo continuo nas aulas fomentando a igualdade		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Mellora na relación entre o alumnado		
Responsables	Todo o profesorado, departamento de orientación		
Recursos e materiais	Charlas sobre a igualdade, proxección de películas, actividades de vivencia dos problemas da falta de igualdade.		

31. AVALIACIÓNS INDIVIDUALIZADAS

31.1. COMISIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS MESMAS

Comisión da avaliación final de primaria:	
José Manuel Sánchez Moure	Director
María Luisa Taboada Rivadulla	Xefa de estudos
Clara Martín Prieto	Orientadora
María Olga Martínez Moldes	Titora

Comisión da avaliación individualizada de 3º:	
José Manuel Sánchez Moure	Director
María Luisa Taboada Rivadulla	Xefa de estudos
Clara Martín Prieto	Orientadora
María Carmen Formoso Fojo	Titora

31.2. ACCIÓNS DE MELLORA DERIVADAS DA ANÁLISE DE RESULTADOS DAS AVALIACIÓNS INDIVIDUALIZADAS

Non chegamos a deseñalas xa que estábamos no proceso de preparalas cando comezou o confinamento no mes de marzo, finalizáramos o análise dos resultados pero quedamos nese punto.

31.3. GUÍA DE INTERVENCIÓN PARA A MELLORA, ELABORADA A PARTIR DA ANÁLISE DOS RESULTADOS OBTIDOS NAS MESMAS

Non chegamos a rematar a guía polo exposto no punto anterior.

Achegamos o análises realizado a este documento.

32. PLAN PROXECTA

- Non participamos no Plan Proxecta.

33.CONTRATOS-PROGRAMA

- Non participamos en Contratos-Programa.

34. OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

Plan/Proxecto: Iniciativa ARCO			
Descrición do programa	As accións de ARCO van dirixidas a apoiar o alumnado para a mellora do rendemento académico, implicando ao grupo de clase nas actividades de reforzo, co fin de conseguir o máximo desenvolvemento emocional, intelectual e social do alumnado.		
Obxectivos	Garantir a máxima inclusión favorecendo a participación no grupo-clase e a consecución do máximo desenrolo emocional, intelectual, social e profesional de todo o alumnado		
Cursos implicados	4º, 5º E 6º de educación primaria		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	A mellora nas competencias traballadas dos alumnos/as implicadas		
Responsables	Equipo directivo, orientadora, profesora ARCO e titores		
Actividades	As deseñadas para traballar ao longo do curso cos alumnos/as		

35. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

35.1 AVALIACIÓNS DO ALUMNADO

En tódolos niveis haberá tres avaliacións, unha ó remate de cada trimestre. As posibles datas son as seguintes:

PRIMEIRA AVALIACIÓN

Xuntas de Avaliación: os días 14, 16 e 17 de decembro.

Día 14/12/2020: 1º Ciclo.

Día 16/12/20120: 2º Ciclo.

Día 17/12/2020: 3º Ciclo.

Entrega dos boletíns de notas: 22 decembro.

SEGUNDA AVALIACIÓN

Xuntas de Avaliación: Os días 18, 22 e 24 de marzo.

Día 18/03/2021: 3º Ciclo.

Día 22/03/2021: 1º Ciclo.

Día 24/03/2021: 2º Ciclo.

Entrega dos boletíns de notas: 26 de marzo.

TERCEIRA AVALIACIÓN

Xuntas de Avaliación: Os días 14, 16 e 17 de xuño.

Día 14/06/2020 : 2º Ciclo.

Día 16/06/2020: 3º Ciclo.

Día 17/06/2020: 1º Ciclo.

Entrega dos boletíns de notas: 22 de xuño

Nas sesións de avaliacións dos diferentes niveis reuniranse todos os profesores que imparten áreas no nivel, coordinados polo respectivo titor, en presenza da orientadora do Centro e a xefa de estudos.

Os boletíns informativos serán os mesmos dos cursos anteriores. A Comisión de Coordinación Pedagóxica poderá realizar tódolos axustes e modificacións que coide necesarios a proposta dos equipos de ciclo.

Os criterios de promoción serán os recollidos nas programacións e no PEC do Centro.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica efectuará calquera modificación que se considere oportuna.

35.2 AVALIACIÓNS DO PROCESO EDUCATIVO

Tendo en conta os resultados das avaliacións dos alumnos, os resultados da avaliación de final da educación primaria e os da proba que se celebrará en 3º curso o claustro de profesores fará unha avaliación do Proceso Educativo co fin de mellorar a actuación dos profesores e do Centro, instalacións, recursos, etc, que será presentada a Comisión de Coordinación Pedagóxica.



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Curso 2020/2021



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO
3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES
 - 3.1. Identificación de necesidades
 - 3.2. Alumnado con NEAE
4. OBXECTIVOS. CRITERIOS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE
5. DESCRICIÓNS DAS ACTUACIÓNS MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
 - 5.1. Actuacións
 - 5.2. Medidas e/ou programas
6. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS
 - 6.1. Organización dos apoios
 - 6.2. Criterios de atención
 - 6.3. Modalidades de atención
7. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO
8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS , ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS DE ADSCRICIÓN
9. CANLES DE ELABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVICIOS EXTERNOS AO CENTRO
10. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRORDINARIAS
11. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN
12. BASE LEXISLATIVA E BIBLIOGRÁFICA.

1. INTRODUCCIÓN

Sabemos que nas aulas non existe o alumnado tipo. Cada neno/a é singular e, en consecuencia, así debe ser considerado á hora de planificar e poñer en marcha o proceso de ensino-aprendizaxe.

Educación na diversidade lévanos a asumir esta e desenvolver o seu papel enriquecedor: ensinar a cada alumno/a segundo as súas características, establecer os mecanismos e usar os recursos que permitan o acceso ao currículo á totalidade do alumnado, dar as respostas educativas que compensen as desigualdades derivadas das circunstancias individuais, pensar nun currículo aberto, recoñecer e valorar as distintas culturas e orixes, implicar a toda a comunidade, poñer a disposición do alumnado todos os medios posibles, rexerse polos principios de inclusión e normalización.

En consecuencia, a atención á diversidade debe contemplar actuacións para a totalidade do alumnado, non só para aquel con necesidades específicas de apoio educativo, e debe establecer criterios para os apoios e actuacións educativas, tendo en consideración a dotación de recursos.

Na *Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa*, no capítulo I do Título preliminar establece os principios e fins da educación. Entre os principios que a inspiran, destacan a calidade da educación para todo o alumnado; a equidade, a inclusión educativa e a igualdade de dereitos e oportunidades; a concepción da educación ao longo da vida; a flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado; a orientación educativa e profesional dos estudantes, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada; o esforzo individual e compartido por alumnado, familias, profesorado, centros, Administracións, institucións e o conxunto da sociedade.

O *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, no capítulo I, artigo 3, entende a **atención á diversidade** como un *conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado*. Estas medidas implican a toda a comunidade educativa e deben

concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todos e cada un dos alumnos.

2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

O CEP Campolongo é un centro de ensino público dependente da Consellería de Educación, adscrito ao IES Sánchez Cantón, situado no polígono do mesmo nome.

O alumnado que escolariza o centro, pertence a súa zona de influencia.

O seu nivel socio-económico é **MEDIO**, cunha incidencia de problemas socio-económicos dun 0.5% aproximadamente.

Dadas as características da poboación escolarizada, hai unha gran preocupación familiar polos logros académicos como pola interacción no grupo- clase, excepto ese 0.5%, que mencionabamos.

Temos alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo, con necesidade de reforzo e apoio. Hai tres mestras de Pedagogía Terapéutica, dúas de Audición e Linguaxe (unha compartida con outro centro), dúas coidadoras e unha Orientadora.

Tamén contamos no centro con alumnos/as procedentes doutros países cunhas características idiomáticas e curriculares moi significativas, xunto coas súas peculiaridades socioculturais.

A atención á diversidade implica coñecer, respectar, aceptar, valorar e responder ás diferenzas individuais e culturais dos alumnos/as e evitar calquera tipo de discriminación. Polo tanto cando falamos de atención a diversidade, non falamos soamente de alumnos/as con necesidade específicas de apoio aducativo.

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de desenvolver medidas que permitan seguir avanzando cara un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades.

O Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, nos artigos 15 e 16, pon de manifesto a relevancia da atención a diversidade do alumnado que debe ser un principio sobre o que se base toda a intervención educativa.

A atención á diversidade do alumnado rexerese polos principios **de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos**

centros docentes e participación de toda a comunidade educativa, conforme ao establecido no artigo 4, do *Decreto 229/2011, do 9 de decembro polo que se regula a atención á diversidade na comunidade autónoma de Galicia*.

3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

No marco do *Decreto 229/2011, do 9 de decembro polo que se regula a atención á diversidade na comunidade autónoma de Galicia*, a **atención á diversidade** busca adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Nun sentido amplo esta atención intenta previr e dar resposta ás necesidades temporais e permanentes da totalidade do alumnado do centro, e entre eles aos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria de xeito que poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, dos obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

Segundo a *Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa*, no seu Título II, Capítulo I, artigo 71.2., enténdese por alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (NEAE), aquel alumnado que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar:

- Necesidades educativas especiais (n.e.e)
- Dificultades específicas de aprendizaxe
- Altas capacidades intelectuais
- Por presentar TDAH
- Por incorporarse tardiamente ao sistema educativo
- Por condicións persoais ou de historia escolar

A continuación clasificamos as diferentes necesidades que poden darse nos diferentes apartados anteriormente citados:

NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS (N.E.E)

Aquel alumnado que require, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conducta.

- Discapacidade de carácter intelectual:
 - Leve, moderada, grave ou profunda.
- Discapacidade de carácter sensorial:
 - Auditiva: hipoacusia profunda/xordeira, media ou severa.
 - Visual: deficiencia visual ou cegueira.
- Discapacidade de carácter físico:
 - Motora
 - Outras
- Trastorno do Espectro Autista:
 - Síndrome de Asperger.
 - Trastorno de Rett
- Trastornos disruptivos o control de impulsos e de conducta.
- Outros trastornos graves da comunicación e aprendizaxe.
- Trastornos da personalidade.
- Trastornos da conduta alimentaria.

DIFICULTADES ESPECÍFICAS DA APRENDIZAXE

Considérase que un alumno/a presenta dificultades específicas de aprendizaxe cando o seu rendemento en relación á adquisición e uso dunha ou varias das capacidades de comprensión e expresión oral, lectura, escritura, razoamento e cálculo matemático é significativamente discrepante co seu potencial de aprendizaxe.

- Trastornos da lectura: inclúe aquelas dificultades de acceso ás competencias lectoras.

- Trastorno do cálculo: defínese como a dificultade de acceso ás competencias matemáticas en relación as procesos básicos e operacións lóxicas matemáticas, o sistema numérico, realización de cálculos ou resolución de problemas.
- Trastorno da escritura: fai referencia ás dificultades no acceso ás competencias gráficas no proceso grafomotriz (disgrafía) ou de ortografía (disortografía).
- Con outras dificultades.
- Descoñecemento grave da lingua de instrución.

ALUMNOS CON TRANSTORNO DE DÉFICIT DE ATENCIÓN E HIPERACTIVIDAD

O TDAH é un patrón persistente de conduta de desatención, hiperactividade e impulsividade que comeza a manifestarse ao longo da infancia e que inflúe negativamente no funcionamento e no desenvolvemento das nenas, dos nenos e dos adolescentes afectados.

Na actualidade considérase que pode amosarse en tres modalidades diferentes:

- Presentación combinada: tanto os síntomas de inatención como os de impulsividade-hiperactividade danse nun grao excesivo para o nivel evolutivo da persoa.
- Presentación predominante impulsivo-hiperativa: nela predominan os síntomas de impulsividade e/ou hiperactividade, mentres que os íntoma de inatención teñen unha menor presenza.
- Presentación predominante inatenta: existe maior presenza dos síntomas de inatención.

ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS

As altas capacidades intelectuais supoñen a presenza dun potencial elevado nalgunha/s área/s do desempeño humano en comparación cun grupo de referencia. Implican unha intelixencia moi superior, que corresponde, desde un criterio psicométrico, a un cociente intelectual de 130 ou superior.

Seguindo o modelo dos tres aneis de Renzulli (1978), terá esta consideración o alumnado que presente:

- Unha capacidade intelectual superior.
- Un alto nivel de creatividade.
- Persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese.

Cómpre diferenciar entre precocidade, talento e superdotación:

- Precocidade intelectual supón un desenvolvemento cognitivo máis rápido que o resto dos nenos/as da mesma idade.
- Talentosos: refírese a aqueles nenos/as que amosan unha alta capacidade para unha ou varias áreas concretas do coñecemento e/ou habilidades excepcionais, pero non en todas.
- Superdotación intelectual: implica un perfil cognitivo superior e homoxéneo, cun elevado dominio de todas as áreas de coñecemento ou habilidades. Converxen un nivel intelectual elevado, unha alta creatividade e gran persistencia en determinadas tarefas.

POR INCORPORARSE TARDÍAMENTE AO SISTEMA EDUCATIVO

A incorporación ao sistema educativo dos alumnos que, por proceder doutros países ou por calquera outro motivo, se incorporen de forma tardía ao sistema educativo español. Esta incorporación garantirase, en todo caso, na idade de escolarización obrigatoria.

- Con desfase curricular
- Con descoñecemento da lingua galega e/ou castelá.

POR CONDICIÓN PERSOAIS OU HISTORIA FAMILIAR

Aqueles alumnos que posúen necesidades específicas derivadas de problemas cuxo orixe é emocional, e que constitúen unha dificultade de aprendizaxe engadida. Cando a historia familiar dificulta o proceso de ensino-aprendizaxe considerado “normal”. Outras condicións especiais do alumnado que poden darse son:

- En situación de desvantaxe socio-educativa.
- Con atención domiciliar e/ou hospitalaria.

- Dificultades psicolingüísticas específicas da lingua (retrazo na adquisición da fala e da linguaxe, afasia, dislalia, disartria, disglosia, disfemia, mutismo selectivo,...)
- Trastorno Específico da Linguaxe (TEL).
- Outros trastornos da linguaxe.
- Outras circunstancias.

EN RESUMO: As necesidades educativas distribúense nun continuo, todos os alumnos/as nalgún momento do proceso de ensino-aprendizaxe presentan necesidades educativas habituais. Dentro das prioridades da orientación educativa, a atención ás necesidades educativas do alumnado ocupa un lugar preferente.

3.1. IDENTIFICACIÓN DE NECESIDADES:


A identificación temperá das necesidades educativas do alumnado, a súa valoración e a resposta educativa procedente constitúen procesos necesarios para adecualas medidas e os recursos educativos á diversidade.

Para que o Departamento de Orientación dea resposta ás necesidades específicas de apoio educativo ha de seguirse o seguinte proceso de detección:

- O profesor e/ou o titor, no desenvolvemento das diversas accións que implica a avaliación continua, detecta necesidades educativas (retrazo, alteracións, dificultades, problemas...) nalgún/s ámbitos de desenvolvemento nun alumno determinado.
 - Recopila información: observación, informes, avaliación inicial, traballos...
 - Intercambia información coa familia.
 - Tenta dar resposta ás necesidades que existen no centro con medidas ordinarias de forma normalizada.
 - Se o consegue, pecha o ciclo de detección.
 - Se non o consegue, demanda colaboración ao Departamento de Orientación (a través dun modelo de solicitude de intervención do D.O), no caso de que este precise

asesoramento para realizar esta avaliación psicopedagóxica solicita a intervención do E.O.E. (Equipo de Orientación Específico de Pontevedra), quen valora o caso (concretado nun Informe Psicopedagógico–resumo da avaliación psicopedagóxica realizada cando se dan as condicións establecidas na *Orde do 31 de Outubro de 1996*), e determina as medidas educativas a adoptar en función de que o alumno/a corresponda a un apartado ou a outro. As familias estarán informadas das medidas dispostas.

- A detección de necesidades tamén pode ser realizada pola familia, quen informa das necesidades detectadas no ámbito familiar e se aplicaríase entón o mesmo procedemento anterior dende a titoría ou dende o propio Departamento de Orientación.
- Se as necesidades detectadas precisan Adaptacións Curriculares (AC), elaborárase un D.I.A.C onde se recollan as modificacións e o tipo de atención.
- Neste proceso identifícase o seguinte tipo de alumnado, tal e como está recollido no PXAD:



Como se planifica o proceso de diagnose e posterior intervención?

- Despois dunha avaliación das necesidades do alumno/a, o orientador/a determinará e fará una proposta dos apoios que deberá recibir o devandito alumno, ben de PT, AL ou ben por parte del mesmo atendendo a se as necesidades son de orixe cognitivo ou outras que se determinaron no apartado anterior (PT), comunicativo-lingüísticas (AL) ou emocionais (Orientador).
- As intervencións específicas que sexan precisas por parte dos profesores especialistas de pedagogía terapéutica ou de audición e linguaxe serán propostas e deseñadas polo departamento de orientación en colaboración co titor do grupo ao que pertence o alumno/a. A coordinación desas actuacións, xunto coas do resto do profesorado corresponde á xefatura de estudos do centro (tal e como establece no seu artigo 19º a *Orde do 27 de Decembro do 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado do ensino non universitario con n.e.e*).
- Unha vez detectadas as dificultades e proposto o alumno/a para o apoio correspondente, tal e como se establece no punto anterior, determinarase e concretarase o plan de traballo para o alumno, fundamentalmente dende a coordinación do profesorado implicado no apoio, elevando do mesmo xeito ás ditas propostas á Xefatura de Estudos.
- Informarase sempre ás familias da proposta de intervención deseñada e manteranse reunión para informarlles da evolución do alumno así como para o establecemento de pautas de actuación conxuntas.
- Trimestralmente os especialistas de PT e AL así como o Departamento de Orientación realizarán o informe no que reflictan os obxectivos conseguidos e os que será necesario seguir traballando.

3.2. ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO:

A situación actual é a seguinte; ademais está en curso a valoración das necesidades que vaian xurdindo ao longo do ano.

GRUPO E NIVEL	N.E.E	DIFIC. APRENDIZAXE	AACC	INCORPOR. TARDÍA	TDAH	COND. PERSOAIS
1ºA		2				
1ºB		4				
1ºC	1	4			1	
2º A	2					6
2º B		1				3
2º C	2					1
2ºD		1				
3º A		5				1
3º B	1	1	2			
3º C	1	1				3
4º A	2					1
4º B	2	1				
4º C	1	1			1	1
5º A	2				2	
5º B	2	1				
5º C	1	1				1
6º A	1					
6º B		1	1			
6º C			1			
TOTAL: 66	18	24	4		4	17

4. OBXECTIVOS

- Y Posibilitar a integración social e educativa, potenciando actitudes de aceptación e respecto en todo o alumnado
- Y Contemplar medidas xerais e específicas que permitan previr dificultades e ofertar respostas educativas adecuadas a cada alumno/a e contexto.
- Y Orientar a acción titorial incidindo no coñecemento no coñecemento do historial de cada alumno/a, así como no do seu contorno familiar e social para adecuar e orientar as accións educativas ás súas necesidades.

- ✓ Adecuar a estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e a organización e xestión da aula de acordo coas características do alumnado e as súas necesidades.
- ✓ Facilitar o traballo cooperativo do profesorado e a participación coordinada de todo o equipo educativo.
- ✓ Organizar o tratamento do currículo de forma interrelacionada e integradora coa posta en marcha de metodoloxías que favorezan a atención individualizada do alumnado e aplicación de estratexias cooperativas, segundo proceda en cada caso.
- ✓ Planificar as estratexias de avaliación inicial, formativa e continua, tendo en conta que permitan o grao de desenvolvemento das competencias básicas que se adecúen ás características de cada alumno/a.
- ✓ Planificar as estratexias en caso de posible confinamento e asistencia virtual.
- ✓ Organizar os recursos persoais e materiais do centro co fin de facilitar unha resposta educativa adecuada a todo o alumnado fundamentalmente aos que presentan necesidades educativas.
- ✓ Fomentar a participación do alumnado e as súas familias na vida do centro, tanto en actividades complementarias coma en extraescolares.
- ✓ Promover a formación do profesorado en temas relacionados coa atención a diversidade.

5. DESCRICIÓNS DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA ATENCIÓN A DIVERSIDADE

A diversidade nas aulas é cada vez maior, polo que a atención á diversidade debe impregnar todas as actuacións curriculares e organizativas que orienten os procesos de ensino-aprendizaxe; terán como referente esencial a necesaria normalización das diferenzas dentro do contexto da aula e do centro, o respecto as mesmas, e poñerase a énfase na superación dos atrancos asociados á diversidade de todo tipo.

5.1. ACTUACIÓNS:

A atención personalizada e temperá do alumnado convértese na mellor medida de prevención das dificultades de aprendizaxe, da inadaptación escolar e da exclusión social.

A metodoloxía didáctica é unha das claves que posibilita a atención a diversidade na aula ordinaria.

As metodoloxías activas, que fomentan a participación dos alumnos e autonomía nas aprendizaxes, permiten atender as distintas necesidades.

Principios metodolóxicos a ter en conta:

Comunicación: promovendo empatía, acordos e asunción de compromisos.

Autonomía: logrando a adquisición dos procesos e estratexias para aprender partindo das súas necesidades, capacidades e intereses.

Personalización: axustando a resposta educativa as condicións do alumnado para promover o máximo desenvolvemento persoal.

Globalización das aprendizaxes: está estreitamente relacionado cunha forma de organización de contidos que permitan alcanzar un mesmo obxectivo por distintas vías.

Trátase de **Estratexias como aprendizaxe significativa e cooperativa, con formulación de diferentes tipo de actividades: traballo individual, busca de información, traballo en grupo, posta en común, exposicións, elaboración de materiais, titorización especialmente nos últimos niveis mediante actuacións que faciliten a implicación do alumnado, profesorado e familias para responder as súas necesidades e intereses .**

5.2. MEDIDAS E/OU PROGRAMAS:

No marco do *Decreto 229/2011, polo que se regula a atención á diversidade*, no seu artigo 7., establece que se consideran medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta educativa axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade e nas concrecións anuais de dito plan. Poden ser ordinarias e extraordinarias:

Se consideran **medidas ordinarias de atención á diversidade** todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado, conforme ao establecido no artigo 8. Inclúen:

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización e xestión da aula:
 - Horarios
 - Agrupamentos
 - Espazos

- Atención individualizada dirixida ao alumnado que o requira polas súas características.
 - Crear condicións favorables para a xestión da aula, importancia do clima de aula.
 - Adecuación das programacións didácticas.
- b) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo entre grupos heteroxéneos, titorías entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
 - c) Adaptación de tempos e instrumento ou procedementos de avaliación.
 - d) Aulas de atención educativa e convivencia e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
 - e) Desdoblamentos de grupos.
 - f) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
 - g) Programas de enriquecemento curricular.
 - h) Programas de reforzo de áreas instrumentais.
 - i) Programas de recuperación.
 - j) Programas específicos personalizados como:
 - Programa de reeducación de dislalias.
 - Programa de intervención da mellora da linguaxe receptivo-expresiva.
 - Programa de comprensión e expresión oral e escrita
 - Programa de intervención para o inicio da lecto-escritura
 - Plan específico de reforzo e recuperación para o alumnado que non promociona.
 - Plan de acción titorial.
 - Reforzo educativo, dentro da aula ou ocasionalmente fóra da aula ordinaria.
 - Programa de resolución de conflitos.

Se consideran **medidas extraordinarias** de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Para a súa aplicación será necesaria a autorización da dirección do centro, do Servizo de Inspección, e, se é o caso, informe xustificativo do Servizo de Orientación.

Considéranse medidas extraordinarias:

- a) Adaptacións curriculares.
- b) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe.
- c) Flexibilización da duración do período de escolarización.

6. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

6.1. ORGANIZACIÓN DOS APOIOS

O criterio xeral adoptado é proporcionar unha resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades, intereses e ritmos de aprendizaxe do alumnado co fin de facilitar o logro dos obxectivos da etapa educativa.

Naqueles casos de acnee, a valoración do orientador/a do centro debe preceder á intervención do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

As aulas de apoio non teñen asignados alumnos/as prefixados e os especialistas que ocupan esta praza non van ser titores dun grupo estable de alumnos/as.

O alumnado que comece a presentar serias dificultades para a aprendizaxe, poderá recibir apoio estable de Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe. Estes alumnos/as estarán relacionados con alumnado con moi baixa estimulación familiar para o fomento da aprendizaxe, con graves dificultades desde o primeiro curso para acceder ás áreas instrumentais, con dificultades graves para manter e afianzar aprendizaxes, con dificultades de articulación ou fluidez na linguaxe espontáneo e con bagaxes moi pobres nas áreas da linguaxe oral principalmente.

Os apoios dirixiranse fundamentalmente á adquisición das aprendizaxes instrumentais das Linguas e Matemáticas. Naqueles casos no que o desfase curricular sexa significativo e, polo tanto, exista unha adaptación curricular traballarase en conformidade á mesma.

Os apoios impartiranse preferentemente durante as áreas das linguas, matemáticas ou ciencias naturais e ciencias sociais.

Terase en conta, sempre que sexa posible, os momentos do horario na aula ordinaria na que se imparte a materia obxecto de dificultade.

As familias do alumnado susceptible de reforzo serán informadas das medidas que se van adoptar e dos obxectivos que se pretenden acadar.

Só se producirán intervencións directas especializadas cando:

- A resposta educativa que precise o alumno/a con neae non poida resolverse con fórmulas máis normalizadas.
- Alumnado que teña que recibir atención específica por parte da especialista de Audición e Linguaxe.
- Alumnado con descoñecemento das linguas da comunidade.
- Alumnado que non domine as técnicas instrumentais básicas.

As intervencións específicas levaranse a cabo normalmente dentro da aula, xunto co resto do alumnado dese grupo, e só poderán levarse fóra dela en casos excepcionais que estean debidamente previstos nas adaptacións curriculares e durante un tempo que non excederá a terceira parte da xornada escolar, segundo se recolle na *Orde do 27 de decembro de 2002, pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais*.

En xeral, o alumnado que reciba apoio de Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe non terá máis reforzos fóra da aula para non incidir negativamente na súa integración. Debemos ter en conta que, desde a concepción integradora, a permanencia do alumnado no seu grupo-clase é fundamental, posto que as aprendizaxes non se reducen unicamente ao ámbito académico.

Realizarase unha avaliación continua da consecución dos obxectivos propostos e das medidas tomadas, introducíndose as medidas correctoras oportunas, sempre que o progreso non sexa positivo.

Unha das tarefas que a priori é garantía de éxito, é establecer unha boa coordinación entre todos os profesionais implicados na interacción co/a alumno/a concreto que presenta algunha alteración respecto á norma.

Punto importante a tratar nesas primeiras reunións entre profesionais é o establecemento de criterios comúns de intervención e a “distribución” de tarefas e competencias para un plan de intervención coherente, tendo en conta as necesidades.

6.2. CRITERIOS DE ATENCIÓN

A priorización de alumnado a atender e o tempo de atención a este, rexeráse polos seguintes criterios:

- Priorizar as intervencións de casos de maior gravidade.
- Aquel alumnado que manifeste un desfase curricular significativo e teña unha AC. Poderá ser apoiado polo profesorado de PT dentro do aula ou fóra dela.
- Aquel alumnado que presenta desfase curricular e se considera (avaliación psicopedagóxica) que coa atención personalizada do profesorado titor/a ou do profesorado con dispoñibilidade horaria, non vai lograr progresar adecuadamente. Este reforzo poderá ser transitorio si o alumno /a supera as súas dificultades.
- Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe.
- Novo alumnado ao que se lle detecten neae. Priorizaranse os apoios seguindo a orde ascendente dos cursos.

6.3. MODALIDADES DE ATENCIÓN:

- O profesor/a titor/a atende individualmente a un alumno/a que precisa un apoio puntual sen a intervención directa doutro profesor/a ou especialista. Esta medida, que estará a cargo dos titores/as está destinada ao alumnado que pode seguir o currículo ordinario do curso no que está escolarizado, pero necesita, para logralo, unha atención máis individualizada tanto en aspectos curriculares como en estratexias de aprendizaxe e pautas de traballo.
- Atención especializada por parte do profesorado de P.T. e A.L. ao alumnado con neae que requiran, nun período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas.
- Apoios temporais dentro da aula. Atención por parte do especialista ou doutro profesor/a con dispoñibilidade horaria, que intervén no grupo aula atendendo a un alumno/a concreto: neste sistema o profesor/a de apoio traballa o currículo, dentro do aula ordinaria, co alumno con necesidades educativas. O obxectivo é permitir ao profesor ordinario levar un ritmo "normal" mentres que se lle garante ao alumno con necesidades, o apoio na área e os contidos que se imparten na clase.
- Apoios temporais fóra da aula. En determinadas áreas ou actividades (principalmente as instrumentais) o alumno ou grupo de alumnos/as con neae e AC sae do seu grupo-aula para ser atendido polo profesorado de apoio especializado.



7. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO

Para dar unha resposta idónea é preciso ter un coñecemento das características do alumnado asumindo que cada un deles é único, é necesario adecuar as programacións, a ensinanza e a avaliación á diversidade do alumnado. Isto supón levar a práctica a flexibilidade do currículo centrándose nas seguintes actuacións:

- Realizar avaliacións iniciais.
- Priorizar os obxectivos e contidos básicos.
- Graduar as actividades.
- Avaliar tendo en conta os obxectivos propostos.

CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS

PROFESORADO	ACTUACIÓNS
Especialistas AL	Programa de reeducación de dislalias
Especialistas AL	Programa de intervención da mellor da linguaxe receptivo-expresiva
Especialistas AL	Programa comprensión e expresión oral e escrita
Especialistas AL	Programa de adquisición de vocabulario e inmersión lingüística.
Profesores con dispoñibilidade horaria, AL e PT	Programa de intervención para o inicio da lecto-escritura
Profesores tutores e PT	Programa específico de reforzo e recuperación.
Profesores tutores, DO	Plan de Acción Titorial
Especialistas AL, PT	Reforzo educativo dentro e ocasionalmente fóra da aula
Profesores tutores e DO	Programa resolución conflitos
Profesores tutores, orientadora, especialistas PT, AL.	Adaptacións curriculares
DO e profesorado	Programa de mellorada das habilidades

DO e profesorado	Programa de xestión emocional
DO e profesorado	Programa de mellora da convivencia

8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS DE ADSCRICIÓN

A coordinación constitúe a principal técnica que debe prevalecer en toda intervención educativa; tanto a nivel interno do centro, como entre os distintos centros ou entre a administración educativa e o centro. É unha condición indispensable para levar a cabo a tarefa educativa, o que pola súa dimensión social, implica o establecemento de continuas interaccións entre os distintos axentes que nela participan.

Hai que ter en conta que o contexto onde se desenvolven as actividades de ensinanza e aprendizaxe non se limitan exclusivamente a interacción profesor-alumno. A aula, a escola, os amigos e a sociedade en xeral constitúen ámbitos de aprendizaxe que necesariamente deben coordinarse entre si para lograr alcanzar os obxectivos propostos.

A acción educativa implica, esixe un traballo en equipo.

O Consello Escolar e o Claustro de profesores representan os órganos colexiados de goberno encargados de fixar as directrices de colaboración coa Administración, outros centros, entidades e organismos cos que se compartan obxectivos e así planificar e coordinar sobre os aspectos educativos do centro.

Ademais deste órganos de goberno están os de coordinación docente: comisión de coordinación pedagóxica, departamento de orientación, equipos de nivel, equipo de dinamización da lingua galega, e equipo de actividades complementarias e extraescolares, equipo de biblioteca....

Comisión de Coordinación Pedagóxica: constitúe un órgano de coordinación docente que permite poñer en relación as distintas áreas ou materias curriculares ao redor dun Proxecto Educativo común, facilitando a coherencia no deseño dos contidos e obxectivos que se persigue en cada un.

Departamento de Orientación: representa un ámbito de coordinación fundamental dado que entre as súas funcións está mediar na labor dos equipos docentes, aportando procedementos e pautas para desenvolver a acción titorial e as medidas de atención á diversidade.

A Orientación educativa é mais global xa que no seu desenvolvemento están implicados todos os axentes e institucións educativas .

O feito de estar presente ao longo de toda a escolaridade, é un proceso que debe promover a coordinación entre os diferentes etapas e niveis, co fin de dar unha continuidade aos tránsitos educativos e intensificarse ao inicio da escolarización e ao cambio de ciclo.

Equipos docentes: son os responsables da organización e desenvolvemento das ensinanzas propias dos cursos; representan o ámbito máis próximo a acción educativa, xa que o seu funcionamento implica forzosamente a colaboración de todos os seus integrantes no seguimento global do alumnado do grupo, para prever as posibles dificultades de aprendizaxe que puideran darse dentro do mesmo, así como a realización e establecemento das medidas necesarias para mellorara a súa aprendizaxe, sendo a figura do/a titor/a a encargada de sumir a coordinación de cada caso.

Ao inicio de cada curso escolar o Xefe de Estudos establecerá a temporalización das reunións de coordinación interna de todos os órganos de coordinación docentes.

Tamén se establecerán as reunións do departamento de orientación co centro adscrito, segundo determina o *Decreto 120/1998, polo que se regula a orientación educativa na Comunidade Autónoma de Galicia*.

No caso de dispor de escolarización combinada dalgún alumno intentarase manter unha coordinación e colaboración (aínda que sexa telefónica) co outro centro, senón se dispón de dispoñibilidade horaria conxunta para levar a cabo esta coordinación.

9. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVICIOS EXTERNOS AO CENTRO

9.1 COAS FAMILIAS

Favorecerase a participación e colaboración das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado, asesorando e informando ás familias dos aspectos máis significativos do desenvolvemento persoal .

Facilitar ás familias pautas de observación relacionados cos contidos que corresponden as competencias de etapa ou nivel.

Información sobre os procesos de ensinanza, avaliacións psicopedagóxicas...

Asesorar aos pais, nais na modalidade de escolarización máis axeitada para os seus fillos/as.

Os canles para levar a cabo a colaboración estableceranse ao inicio de curso no horario do equipo directivo, titorías e do departamento de orientación.

Os cambios sociais suscitan novas demandas ás institucións escolares e introducen novas necesidades que requiren respostas baseadas na orientación educativa.

9.2. COA ETAPA DE ED. INFANTIL

Realizarase unha reunión de coordinación ao final de curso cos profesores daqueles alumnos con n.e.a.e., co fin de determinar as necesidades educativas que representa este alumnado e co fin de determinar a necesidade de recursos para o curso seguinte. Esta reunión realizaraa a Xefatura de Estudos en colaboración co Departamento de Orientación.

Realizárase durante o mes de xuño a Xornada de acollida ao alumnado de Educación Infantil que se incorporará ao centro no curso seguinte.

Ao inicio do curso, durante o mes de Setembro farase unha reunión informativa coas nais e pais dos alumnos que inician a escolarización no centro, e que será realizada pola Dirección do centro e máis polo Departamento de Orientación, sen prexuízo da que cada profesor titor realice posteriormente.

9.3. COA ETAPA DE ED. SECUNDARIA.

No mes de xuño, a finais, realizarase unha reunión co Orientador do IES, a Xefatura de Estudos, titor/es de 6º curso e Orientación para informar polo miúdo das necesidades específicas de apoio educativo que se derivan, así como calquera outra cuestión de tipo pedagóxico ou mesmo organizativa que poida ser necesaria para dar a mellor resposta ás necesidades do alumnado.

9.4. COS E.O.E.

A solicitude de intervención fará a Xefatura do Departamento de Orientación despois de cumprimentar a solicitude correspondente, e co visto e prace da Dirección e acompañándoa de toda a información dispoñible e que se considera importante para avaliación ou intervención no caso determinado.

En ocasións poderase realizar consulta telefónica sen necesidade de elaborar unha solicitude de intervención por parte do Departamento de Orientación.

9.5. COS SERVIZOS SOCIAIS, MÉDICOS, CONCELLO.

A coordinación cos Servizos Sociais, Servizo Galego de Saúde, Concello..., realizarase de forma puntual dependendo das necesidades que xurdan.

As canles serán en un primeiro momento telefónico e logo en función das necesidades determinarase a modalidade: enquisas, informes....

9.6. OUTROS

Establecerase coordinación con todas aquelas asociacións ou servizos de calquera tipo cos que sexa necesario para dar resposta ao alumando axeitada ás súas necesidades, tanto públicos como privados.

10. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS:

➤ Apoio especializado.

É o apoio temporal dun profesor especialista en AL e/ou en PT dentro ou fora da aula ordinaria que ten como destinatarios alumnos con n.e.a.e. Para que se produza este tipo de atención será necesario que así o aconselle o informe da orientadora.

O procedemento para a demanda de intervención, realización de informe ou de avaliación psicopedagóxica por parte do servizo de orientación é o seguinte:

- Comunicado do profesor/a, pai, nai ou titor legal á orientadora do centro da necesidade de intervención ou avaliación dun determinado alumno/a.
- Cubrir o cuestionario previo aportado pola orientadora por parte do demandante.
- Proceso de avaliación e redacción do correspondente informe por parte da orientadora.

A orientadora elevará a proposta de organización da docencia para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo á xefatura de estudos.

Ao remate do curso, o profesor de PT e/ou AL elaborará un informe relativo ao apoio realizado.

➤ **Flexibilización do período de escolarización.**

De conformidade co establecido no artigo 16 do *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia* e nos artigos 17e 19 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro:

- A escolarización en educación primaria poderá, excepcionalmente, aumentarse nun ano en función das necesidades educativas especiais do alumnado.
- Poderá reducirse nesta etapa nun ano respecto do establecido con carácter xeral, en función das altas capacidades do alumnado.

1.-Procedemento para a solicitude no caso de alumnado con necesidades educativas especiais.

No artigo 30 da *Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais*, establécese:

- A dirección do centro presentará a solicitude de flexibilización na Xefatura territorial. A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:
 - a. Informe que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo departamento de orientación do centro ou ó que este estea adscrito ou, no seu defecto, polo profesor titor.
 - b. Conformidade expresa dos pais ou tutores legais do alumno, se é menor de idade, ou a súa propia se non o é.
 - c. Fotocopia compulsada do expediente académico.
 - d. Proposta de adaptación do currículo segundo disposto na *Orde do 6 de outubro de 1995*.
- A citada solicitude remitirase, xunto co informe da inspección educativa, á Dirección Xeral de Educación, á que corresponderá a autorización ou denegación da flexibilización.
- Tanto por iniciativa da inspección educativa, como pola da Dirección Xeral, poderase requirir ao equipo de orientación específico dependente da xefatura territorial correspondente a elaboración dun informe complementario ao respecto.
- O prazo para presentar as solicitudes de flexibilización será o mes de abril.
- A resolución correspondente comunicarase ao centro antes do 31 de xullo para o seu traslado ao interesado.

- Con carácter xeral, calquera medida de flexibilización consignarase, incluíndo a resolución pola que foi autorizada, en tódolos documentos de avaliación do alumno que en cada caso correspondan.

2.-Procedemento de solicitude no caso de alumnado con sobredotación

O director do centro entre o 1 e o 15 de xuño elevará ao inspector de educación que lle corresponda a solicitude de flexibilización, que deberá incluír a seguinte documentación:

- Informe do profesor titor
 - Informe sobre o resultado da avaliación psicopedagóxica.
 - Proposta de adaptación do currículo.
 - Conformidade dos pais ou titores legais.
- A inspección educativa realizará un informe sobre a idoneidade ou non da proposta de flexibilización e das medidas de adaptación curricular que a acompañan.
 - A Xefatura Territorial trasladará a documentación sinalada ao Director Xeral de Educación, antes do 30 de xuño de maio, acompañándoa do informe correspondente, quen resolverá no prazo dun mes e enviará comunicación á xefatura territorial e á dirección do centro para o seu traslado aos interesados.
 - A medida de flexibilización consignarase, incluíndo a resolución pola que foi autorizada, en tódolos documentos do alumno que en cada caso correspondan.

➤ **Escolarización combinada**

Conforme ao punto 1.c do artigo 16 do *Decreto 229/2011, do 21 de decembro*, entre as modalidades de escolarización considérase:

“A escolarización combinada entre un centro ordinario e un centro de educación especial. Para os efectos de escolarización, as unidades de educación especial nos centros ordinarios terán a consideración de centros de educación especial”.

Segundo o referido Decreto (artigo 16.1c, 2 e 3) e a *Orde do 27 de decembro de 2002* (artigos 44, 45, 46) , podemos sinalar en referencia a esta modalidade de escolarización:

- É destinatario desta modalidade de escolarización o alumnado con necesidades educativas especiais que estea escolarizado nun centro ordinario e requira de recursos específicos non dispoñibles, podendo escolarizarse a tempo parcial nunha aula ou centro específico de educación especial.
- Así mesmo, o alumnado escolarizado nun centro específico de educación especial poderá combinar a súa escolarización nun centro ordinario co obxecto de promover a súa normalización escolar.
- O procedemento para o inicio da escolarización combinada inclúe:
 - Realización de avaliación psicopedagóxica.
 - Redacción do ditame de escolarización polo orientadora do centro educativo no que se atope escolarizado o alumno acompañado dunha declaración escrita feita polos pais ou titores legais na que se fará constar a súa valoración da proposta de escolarización.
 - Presentación pola dirección do centro da solicitude na xefatura territorial acompañada da documentación referida, que a resolverá oportunamente logo dos informes que procedan.
- No caso das escolarizacións combinadas entre un centro ordinario e un centro de educación especial, o alumnado pertencerá, para efectos académicos e administrativos, ao centro educativo que se determine na resolución da xefatura territorial correspondente.
- O profesorado de ambos os centros coordinarase no proceso de planificación, atención e avaliación deste alumnado.
- O profesor tutor do alumno pertencerá ao centro no que estea matriculado, e corresponderalle a coordinación das atencións educativas que se proporcionen nos dous centros, co apoio dos departamentos de orientación.
- A escolarización estará sometida a un proceso de revisión periódica por parte da xefatura do Departamento de Orientación correspondente, que será, cando menos, anual na Educación Primaria.
- A proposta de revisión de escolarización poderase iniciar por calquera dos dous centros ou a instancia dos pais ou titores legais.
- Se é o caso, a dirección solicitará o cambio de modalidade de escolarización á xefatura territorial correspondente, quen resolverá. Esta solicitude irá acompañada da mesma documentación referida para o procedemento de inicio da escolarización combinada.

➤ **Adaptación curricular**

Esta medida seguirá o procedemento establecido na *Orde do 6 de outubro de 1995*. Consiste na modificación dun ou de máis elementos prescritos no currículo (obxectivos, contidos, criterios de avaliación) para atender as necesidades educativas dun alumno/a motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais.

Decidirase a conveniencia de elaborar unha AC para un alumno determinado, unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención educativa.

Terá como referente os obxectivos xerais de etapa e os estándares de aprendizaxe do curso correspondente.

A súa elaboración e desenvolvemento, agás casos excepcionais, levarase a cabo no contexto educativo ordinario.

Precisarán autorización da inspección educativa correspondente.

Terán unha duración mínima dun curso.

O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor que imparte a área, co asesoramento da orientadora e de calquera outro profesional que participe na atención ao alumno.

A AC revisarase periodicamente, polo menos, ao remate de cada curso. As posibles modificacións só requirirán unha nova autorización no caso de que se produzan en referencia aos obxectivos e aos criterios de avaliación sobre o que se elaborara a adaptación.

Os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe establecidos nas AC serán o referente fundamental para a avaliación e promoción do alumno/a.

Proceso de elaboración:

- *Avaliación diagnóstica:*
 - O profesor/a que estime a conveniencia de adaptar o currículo dalgún alumno, solicitará a avaliación diagnóstica á orientadora, cumprimentando o cuestionario previo que o Departamento de Orientación ten ao efecto.
 - A orientadora realizará a avaliación psicopedagóxica, emitindo o correspondente informe.

- Recollerá datos relevantes sobre a situación socio-familiar do alumno e sobre o seu proceso de aprendizaxe.
- Eses datos serán aportados tanto polo equipo educativo responsable do alumno como pola orientadora do centro, o EOE, se é o caso, ou calquera outro profesional que estea participando na atención do devandito alumno.
- *Reunión, coordinada pola xefatura de estudos*, á que asistirán o titor, os profesores das áreas a adaptar e os profesionais que participaron na avaliación diagnóstica. Nesta reunión decidirase a pertinencia da adaptación, as áreas a adaptar así como aqueles elementos do currículo que, no seu caso, deberán ser modificados.
- Redacción do documento (AC). Os profesores que imparten as áreas obxecto de adaptación realizarán a programación destas e a orientadora elaborará a parte formal da adaptación curricular.
- Unha vez elaborada a AC, procede unha nova reunión de todas as persoas implicadas, baixo a coordinación do xefe de estudos, para a revisión do documento, previa á súa remisión á inspección educativa.
- Envío da proposta de AC ao correspondente servizo provincial de inspección que emitirá un informe e tomará decisión sobre a súa aprobación.

11. PROCESOS DE SEGUIMETNO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PXAD.

A avaliación do alumnado suxeito a medidas ordinarias de apoio ou de reforzo educativo será continuo e coordinado entre os profesores/as implicados.

A avaliación do alumnado suxeito a medidas extraordinarias con A.C., estará suxeito aos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe contemplados nas súas adaptacións curriculares.

A avaliación do Plan de apoio ao proceso de ensinanza aprendizaxe será trimestral, en función da avaliación introduciranse os cambios e modificacións que se consideren necesarios.

A avaliación final será unha reflexión sobre os obxectivos acadados ou non acadados, en función dos mesmos, modificarase o Plan o próximo curso.

Os criterios de avaliación do Plan veñen marcados polo grao de cumprimento dos obxectivos sinalados no mesmo e polo resultado das actividades deseñadas para desenvolver nos dous ámbitos, no proceso de ensino-aprendizaxe e na función titorial. A avaliación do Plan efectuarase mediante o seguimento do mesmo por parte do departamento. Tal como se recolle na normativa legal vixente, farase alomenos unha reunión trimestral para o seu seguimento. Tamén nas reunións semanais dos membros do departamento se valorarán as actividades que se vaian levando a cabo ao longo do curso escolar.

Para a avaliación do plan de cada membro do DO deberá traer cuberta unha ficha como a que segue que poñeremos en común nas datas citadas.

CUESTIONARIO TRIMESTRAL DE AVALIACIÓN			
GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS			
<u>CO CENTRO</u>	SI	NON	EN PROCESO
Elaborar as propostas do Plan de Atención a Diversidade.			
Asesorar nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.			
Participar no deseño e desenvolvemento das medidas de atención á diversidade que se determinen.			
Participar na avaliación das necesidades específicas de apoio educativo no ámbito da orientación.			
Revisar en base á lexislación que vaia modificándose o PXAD ou calquera outro documento coas propostas			

elaboradas deste DO.			
Elaborar a Memoria do Departamento.			
<u>CO ALUMNADO</u>	SI	NON	EN PROCESO
Potenciar a orientación a todas e todos os alumnos e alumnas.			
Realizar a avaliación psicopedagóxica do alumnado que a requiran, empregando diferentes probas diagnosticas que nos permite facer unha avaliación das necesidades dende o punto de vista cognitivo pero tamén emocional.			
Facilitar apoio para afrontar os momentos decisivos ou de maior dificultade: ingreso no centro, cambio de etapa.			
Intervir na resolución de conflitos de relación interpersoal dos alumnos, co fin de pór en marcha o establecido no Plan de Convivencia do noso Centro, unha resolución pacífica de conflitos que teña como base o diálogo e onde a mediación sexa o proceso a seguir para chegar á resolución pacífica dos mesmos			
<u>CO PROFESORADO</u>	SI	NON	EN PROCESO
Informar sobre o resultado da avaliación psicopedagóxica dos alumnos.			
Asesorar en cuestións prácticas de atención á diversidade.			
Participar na elaboración das adaptacións curriculares, así como nos programas de intervención que se determinen para os alumnos con necesidades específicas.			
Colaborar na detección de problemas educativos ou de			



aprendizaxe que presenten os alumnos. Orientar en relación con actividades e procesos de avaliación formativa, reforzo pedagóxico, adaptación curricular e promoción de alumnos.			
<u>COAS FAMILIAS</u>	SI	NON	EN PROCESO
Cooperar na relación titores-familias para a solución de problemas que afectan aos seus fillos.			
Orientar ás familias en forma individual ou colectiva para que asuman responsablemente a educación e orientación dos seus fillos/as.			
Desenvolver unha intervención específica coas familias cando detectamos que os problemas do alumno son problemas que teñen a súa orixe na familia, e sempre fundamentalmente cando a orixe dos problemas é de tipo emocional.			
<u>COS OUTROS</u>	SI	NON	EN PROCESO
Cooperar cos membros do Equipo de Orientación Específico de Pontevedra en actividades e programas de orientación, así como de intervención e diagnóstico do noso alumnado.			
Establecer relacións co Concello, fundamentalmente a través das concellerías de educación e de servizos sociais.			
Establecer relacións de colaboración con Asociacións que axuden ao desenvolvemento de certas capacidades do alumnado con necesidades específicas de apoio			

educativo.			
Establecer canales de coordinación co Departamento de Orientación do I.E.S. Sánchez Crespo, para facilitar o tránsito do alumnado entre estas dúas etapas educativas.			
CAMBIARÍAS ALGUNHA CUESTIÓN OU ASPECTO CONCRETO DA IMPLEMENTACIÓN DESTE PLAN DE ORIENTACIÓN?			
SE NA PREGUNTA ANTERIOR A TÚA RESPOSTA É AFIRMATIVA E CREES QUE HAI ASPECTOS QUE DEBEN CAMBIAR, CAL É A TÚA PROPOSTA CONCRETA? ESPECÍFICAA			
PENSAS QUE SE PODERÍA FACER ALGO MÁIS QUE O QUE ESTÁ INICIALMENTE PROGRAMADO? QUE? COMO O LEVARÍAS A CABO? EXPLÍCAO.			
OBSERVACIÓNS.			

12. BIBLIOGRAFÍA

12.1. BASE LEGISLATIVA

Para a elaboración deste documento empregáronse os seguintes materiais:

- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (D.O.G. nº 171, do 9 de setembro de 2014)
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. nº 79, do 27 de abril de 1998)
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998. (D.O.G. nº 147, do 31 de xullo de 1998)
- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización (D.O.G. nº 247, do 19 de decembro de 1996).
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais (D.O.G. nº 20, do 30 de xaneiro de 2003)
- Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual. (D.O.G. nº 23, do 28 de novembro de 1996)

- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (D.O.G. nº 213 do 7 de novembro de 1995)
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (D.O.G nº 206, do 21 de outubro de 1996).
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (D.O.G nº 168, do 2 de setembro de 1997).
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (D.O.G. nº 242, do 21 de decembro de 2011)
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. (D.O.G. nº 136, do 15 de xullo de 2011)
- Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Ley 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación. (D.O.G nº 17, do 27 de xaneiro de 2015)
- Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (D.O.G. nº 110, do 10 de xuño de 2016)
- Circular 10/2010 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

12.2 BIBLIOGRAFÍA DE AUTOR:

- Álvarez Gonzáles, Manuel: “DISEÑO Y EVALUACIÓN DE PROGRAMAS DE educación EMOCIONAL”. CISSPRAXIS, 2001.
- Gardner, Howard. “INTELIGENCIAS MÚLTIPLES. LA TEORIA EN LA PRÁCTICA”. Ed. Paidós 2005
- Dominguez Chillón, Gloria. “ PROYECTOS DE TRABAJO. UNA ESCUELA DIFERENTE” Ed. La Muralla 2000
- Hernández, Fernando y otros. “LA ORGANIZACIÓN DEL CURRÍCULUM POR PROYECTOS DE TRABAJO”. Ed. Graó 1992
- Pujolás Maset, Peré. “ATENCIÓN A LA DIVERSIDAD Y APRENDIZAJE COOPERATIVO EN LA EDUCACIÓN OBLIGATORIA”. Ed. Aljibe .2001.
- Pujolás Maset, Peré. “INTRODUCCIÓN A APRENDIZAJE COOPERATIVA” UVIC - 2008
- Bisquerra, Rafael: “MODELOS DE ORIENTACIÓN E INTERVENCIÓN PSICOPEDAGÓGICA” Ed. Wolters Kluwer.
- Gardner, Howard. “LA INTELIGENCIA REFORMULADA. LAS INTELIGENCIAS MÚLTIPLES EN EL SIGLO XXI”. Ed. Paidós. 2010
- Cuetos, Fernando: “PSICOLOGÍA DE LA LECTURA”. Ed. Wolters Kluwer
- Cuentos, Fernando: “PSICOLOGÍA DE LA ESCRITURA”. Ed. Wolters Kluwer
- García Sánchez, Nicasio: “DIFICULTADES DEL DESARROLLO. EVALUACIÓN E INTERVENCIÓN”. Psicología Pirámide.2007

26 . ADDENDA ANUAL AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

26.1. Resultados da enquisa sobre a lingua predominante en educación infantil

O noso centro non ten Educación Infantil. Os de 1º comezan co castelán como lingua dominante e mantense así todo ensino primario.

26.2. Constitución do Equipo de Normalización. Compoñentes:

1º Ciclo - María Pintos González

Eva Fernanda Piñeiro Rosales

2º Ciclo - Fernando Gallego Mandado

María Esther Míguez Barreiro

María Teresa Martínez Souto

3º Ciclo - Sira Santiago Álvarez

María Gloria Martínez Mariño

Olga Martínez Moldes

Antonio Ferrer Moreira (Coordinador)

26.3 Valoración dos programas e actividades para o fomento da lingua galega realizados no curso anterior e propostas de mellora para o curso seguinte.

No curso anterior (2019-20) os traballos máis significativos foron os “**Experimentos científicos**”, no cal invertimos dous trimestres (1º e 2º) e que tivo, en xeral, moi boa aceptación, sobre todo nos cursos superiores, 4º, 5º e 6º. Tratábase de gravar en vídeo **un experimento caseiro explicando todo o seu proceso**. No 3º trimestre, xa no confinamento, tivo tamén moi boa acollida o traballo “**Cadros Vivos**”, onde se tiña que escoller un cadro, representálo e graválo tamén en vídeo falando dos aspectos máis importantes. Todos estes traballos pódense ver no blog de dinamización nas etiquetas “**Experimentos**” (<https://ghafos.blogspot.com/search/label/Experimentos>) e “**Cadros Vivos**” (<https://ghafos.blogspot.com/search/label/Cadros%20Vivos>).

Propostas de mellora

Nun centro onde a maioría do profesorado mantén como lingua vehicular o castelán é difícil acadar melloras no alumnado no apartado da oralidade con respecto ó galego. O alumnado tanto na escola como na rúa queda ermo de referentes e **seguirá absorvendo a diglosía** ó estudar as dúas linguas. Para moitos a escola é o único sitio onde escoita e aprende ó galego. Ben sabemos que si non se fala deixará de ser lingua viva, como moito será practicamente unha lingua extranxeira ou morta, mais nunca a lingua materna que nos define.

Aparte deste vital aspecto comentado, o equipo segue propoñendo os obxetivos a través de dous eixes, un deles vertical dirixido aos distintos niveis educativos, desde 1º de EP a 6º, e o outro, horizontal, a través da coordinación con outros equipos docentes. Entre eles destacamos:

- Aumento do vocabulario en Lingua Galega.
- Mellora nas correccións das construcións gramaticais empregadas
- Mellora da autoestima, destacando o gusto por empregar a Lingua Galega non só nas actividades regradas, senón tamén nos momentos de lecer, tanto no alumnado como no profesorado.

Estes obxectivos enmárcanse na liña establecida no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, no que se contempla a necesidade de reforzar a dimensión comunicativa do galego entre o alumnado, proporcionándolle unha oferta de actividades que promovan a utilidade do galego, ao tempo que os capacite para o seu uso correcto e eficaz.

Outros ámbitos de intervención que cómpre estimular no alumnado dos diferentes niveis educativos son tanto a comprensión como a expresión oral e escrita en Lingua Galega, asesorando ao profesorado sobre libros de temática variada que poden complementar as lecturas xa recollidas no propio libro, así como que tipo de actividades serían máis adecuadas. Neste tamén cómpre reforzar a expresión oral a través de adiviñas, refráns, trabalinguas, ou mesmo, poemas sinxelos.

26.4 Actividades que se van a desenvolver ao longo do curso para o fomento e dinamización da lingua galega

- Participar nas actividades que organiza tanto o Concello de Pontevedra como outras institucións da cidade : Xoguetoloxía (**1º Tri**), micoloxía (**1º Tr**) , teatro, concertos ...
- Facer e xogar con actividades relacionados co outono (Magosto e Samaín) e co Nadal. (**1º trimestre**)
- Participar no concurso “Olla a palabra do día!” (**1º Trim**)
